

MEMORIA DE  
ACTIVIDADES  
2009

Instituto da Lingua Galega



Edita  
Instituto da Lingua Galega  
Universidade de Santiago de Compostela  
Praza da Universidade, 4  
15782 Santiago de Compostela  
A Coruña

Correo electrónico: [ilgsec@usc.es](mailto:ilgsec@usc.es)  
Páxina web: <http://ilg.usc.es/>  
Teléfonos  
+34 8818 12810  
+34 8818 12802  
Fax  
+34 81572770

Universidade de Santiago de Compostela, xuño de 2010

# Limiar

O Instituto da Lingua Galega é un centro universitario de investigación lingüística creado en 1971 pola Universidade de Santiago de Compostela, entón único en Galicia, co norte de promover o cultivo e normalización da lingua galega, de progresar na súa investigación e de difundir o seu coñecemento.

A acta fundacional, que contén os seus primeiros estatutos, é de 26 de xullo de 1971. Asistiron á sesión constituínte do padroado, celebrada no Salón Reitoral baixo a presidencia de Manuel García Garrido (Reitor), os seguintes señores: Constantino García González (Catedrático de Filoloxía Románica, que sería nomeado Director), Manuel Díaz y Díaz (Catedrático de Filoloxía Latina, Subdirector), Ricardo Carballo Calero (representante do Centro de Estudos Fingoi, Secretario), Xosé F. Filgueira Valverde (representante do Instituto Padre Sarmiento), Marino Dónega Rozas (representante da Real Academia Galega), Xerardo Fernández Albor (representante da Fundación Penzol), Xoaquín Arias Díaz de Rábago (representante da Fundación “Pedro Barrié, Conde de Fenosa”) e Ramón Otero Túñez (Decano da Facultade de Filosofía e Letras). Desde o ano 1984, ocupa unha casa no centro histórico de Santiago de Compostela (Praza da Universidade 4), coñecida como Edificio López Ferreiro.

A piques de cumprir catro décadas, o obxectivo fundamental do ILG segue a ser o desenvolvemento da investigación científica e técnica no campo da lingua galega, tanto na súa realidade sincrónica coma na diacrónica. Ademais, presta asesoramento técnico sobre esta materia, promove a formación científica e técnica neste ámbito, organiza cursos e encontros de carácter científico, promove a difusión científica e a divulgación do coñecemento, e está capacitado para realizar actividades docentes especializadas e de Terceiro Ciclo.

De acordo co seu regulamento de réxime interno, e consonte a normativa pola que se rexen os institutos universitarios da USC, o Consello Científico do ILG debe emitir informe anual das súas actividades, nunha memoria que se somete á análise e aprobación da Xunta do Goberno do ILG, que á súa vez a remite ao Consello de Goberno da USC. O texto que segue é a memoria de actividades do ano 2009, aprobada pola Xunta de Goberno do ILG en sesión celebrada, baixo a presidencia do Reitor, o día 10 de xuño de 2010.

O pasado 2009 foi un ano de mudanzas e de expansión, con novos proxectos —varios financiados en convocatorias competitivas—, con novos acordos de cooperación con investigadores e grupos externos, e con novos contactos e convenios, sobre todo con universidades estranxeiras. Foi tamén un ano en que se multiplicaron e diversificaron as vías de publicación, cun saúdo especial a ELG (*Estudos de Lingüística Galega*), a primeira revista electrónica da USC, promovida polo ILG.

Como Directora, agradezo a renovación da confianza e, sobre todo, o traballo e compromiso de todas as persoas que fan o noso labor posible, a comezar pola colaboración sempre xenerosa de todos os membros do ILG para conseguir os obxectivos científicos e sociais perseguidos. En nome do Consello Científico agradezo tamén a confianza que institucións e organismos, públicos e privados, depositan en nosoutros, apoiándonos de moi diversas maneiras e achegando contribucións económicas e materiais coas que fan posible que cumpramos coas sempre ambiciosas programacións. Esta memoria faise pública para que os nosos benfeitores e a sociedade galega valoren os resultados.

**Rosario Álvarez**  
Directora do ILG



# Relación de liñas e proxectos de investigación

## 1. Sección de dialectoloxía e xeografía lingüística

### 1.1. ARQUIVO DO GALEGO ORAL (AGO)

IP	Francisco Fernández Rei
MEMBROS DO EQUIPO	Carme Ares Vázquez   Henrique Costas González (UVigo)   Carme García Rodríguez   Carme Hermida Gulías   Ana García García
FINANCIAMENTO	Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia
PÁXINA WEB	<a href="http://ilg.usc.es/ago/">http://ilg.usc.es/ago/</a> (en proba)

O obxectivo xeral do proxecto é construír un corpus de interese multidisciplinar para o estudo da situación da lingua oral, particularmente as variedades sociais e xeracionais, e á vez contribuír a un mellor coñecemento da sociedade galega a través de moi diversas mostras do patrimonio inmaterial. Os principais obxectivos son: 1) realización dun gran **Banco de textos orais** co que configurar un atlas do galego oral de todo o dominio lingüístico; 2º) realización dun **Corpus informatizado do galego oral** para o estudo fundamentalmente do léxico. O corpus conformaríanos os textos consultables no sitio web, pero tamén outros que non se pendurarían na rede.

Baixo a supervisión de Francisco Fernández Rei e Carme Hermida Gulías, en 2009 realizáronse os seguintes labores:

- Inventario, catalogación e clasificación de gravacións de 1990 á actualidade. Ás 902 fichas correspondentes a 284 concellos galegos que se elaboraron nesta nova fase do proxecto, no presente ano engadíronselles 33 novos rexistros relativos a concellos da Galicia administrativa e das comarcas estremeiras. Entre outros datos, en cada ficha figuran nome do concello, provincia, parroquia e lugar da gravación; sexo, idade e ocupación da persoa informante; autoría e tema (e subtema) da gravación.
- Escolma e preparación dunha mostra de 42 textos para internet, que se transcribiron e dixitalizaron; planificación da plataforma onde colgar transcricións e arquivos de son; e inclusión dos principais datos almacenados nunha base creada para recoller todo o material pertinente (topónimos –lugar, parroquia e concello-, temas, subtemas, fichas das gravacións...).





Puxéronse a disposición do público, en aberto a través da páxina web do ILG, os **índices dos volumes do ALGa** (<http://ilg.usc.es/indices/>). A aplicación conta cun sistema de buscas elaborado, que permite localizar lemas e variantes a través das formas indexadas nos cinco volumes publicados ata a actualidade. Supérase así un dos inconvenientes maiores que, a propósito dos atlas, teñen sinalado os especialistas en xeografía lingüística: a atomización da información en cartas e volumes, con índices propios, comporta a dificultade de localizar datos no conxunto.

Durante este ano dixitalizáronse todos os materiais fotográficos correspondentes ás investigacións de campo realizadas para o ALGa. Con este material (preto de mil fotos), unha vez clasificado e ligado aos puntos de enquisa, constituirase o **arquivo fotográfico do ALGa**. Esta colección, amais de ser complemento dos volumes do ALGa, é unha importante fonte documental de interese etnográfico e antropolóxico. Parte destes materiais serán postos á disposición do público na páxina do proxecto.

### 1.3. ATLAS LINGUISTIQUE ROMAN (ALiR)

IP	Manuel González González (coord. comité galego)
MEMBROS DO EQUIPO	Xosé Afonso Álvarez Pérez
FINANCIAMENTO	O comité galego non conta con financiamento específico
PROXECTO EN COOPERACIÓN	Participan no proxecto 31 universidades e organismos de investigación de toda Europa, dirixidos por Michel Contini (Univ. Stendhal de Grenoble)
PÁXINA WEB	<a href="http://w3.u-grenoble3.fr/dialecto/ALiR/alir.htm">http://w3.u-grenoble3.fr/dialecto/ALiR/alir.htm</a>

Durante este ano, seguiron desenvolvéndose con normalidade as actividades regulares deste proxecto europeo, nucleadas nos seguintes eixes:

- Elaboración de sínteses románicas: Manuel González elabora a síntese románica de *bleuet*, que reunirá e comentará as designacións deste vexetal en toda a Europa de fala romance e está destinada a ser publicada no volume III do ALiR, dedicado ás plantas.
- Elaboración de sínteses galegas. Estes documentos proporcionan ós investigadores do proxecto os datos referentes ó dominio lingüístico galego para os conceptos que está previsto estudar no ALiR. Actualmente, estanse elaborando algunhas sínteses relativas ó mundo vexetal (p.ex. *souche*), e respondendo a preguntas concretas solicitadas polos autores dalgunha das sínteses románicas en proceso de elaboración.
- Asistencia de Manuel González ó congreso anual do ALiR, celebrado na Romanía en setembro de 2009. Os congresos do ALiR constan dunha parte máis pública, con participación de destacados especialistas en xeolingüística, etimoloxía, paremioloxía, etc. e dunha parte interna, dedicada á reunión dos investigadores do proxecto para a discusión das sínteses actualmente en proceso de redacción ou a planificación dos futuros traballos.
- Participación de Manuel González no *Comité de Redaction* do ALiR, órgano clave na xestión do proxecto, que conta con importantes responsabilidades, como a organización dos volumes ou a revisión das sínteses románicas.

Para a información puntual do proxecto, <http://w3.u-grenoble3.fr/dialecto/ALiR/alir.htm>. Xa foran publicados 2 volumes da obra (1 e 2a) e actualmente está no prelo o vol. 2b.

Son innumerables as publicacións de xeolingüística románica nadas ao abeiro do proxecto do ALiR (ó que tamén, en certo modo, está vencellada a revista *Geolinguistique*) e elaboradas polo centenar de investigadores que, dun modo ou outro, participan e participaron na empresa. Algunhas delas poden consultarse na web arriba sinalada.

## 1.4. CARTOGRAFÍA LINGÜÍSTICA CONXUNTA DE MATERIAIS DO ALG<sub>a</sub> E DO ALEPG

IP	Xosé Afonso Álvarez (CLUL/ILG)   João Saramago (CLUL)
MEMBROS DO EQUIPO	Rosario Álvarez   Francisco Dubert   Luísa Segura (CLUL)   Gabriela Vitorino (CLUL)
FINANCIAMENTO	Sen financiamento específico
PROXECTO EN COOPERACIÓN	Centro de Linguística da Universidade de Lisboa

Este proxecto formalízase xa entrado o ano 2009, como traballo en colaboración entre o Centro de Linguística da Universidade de Lisboa e o Instituto da Lingua Galega (USC). O seu obxectivo é a representación conxunta nun mesmo mapa de datos galegos e portugueses –a partir do material ofrecido polos dous atlas lingüísticos emprendidos polas institucións colaboradoras, o *Atlas Lingüístico Galego (ALG<sub>a</sub>)*, parcialmente publicado, e o *Atlas Lingüístico-Etnográfico de Portugal e da Galiza (ALEPG)*, xa enquisado e actualmente en curso de edición– referidos a diferentes aspectos da lingua, como o léxico, a fonética e fonoloxía ou a morfoloxía. Os mapas irán acompañados de comentarios sobre a vitalidade das designacións, a súa historia, relacións, etc.

Este estudo de conxunto, que toma conta dos dous países, sen deterse por causa da fronteira política, ofrecerá unha mellor representación das áreas lexicais, unha comprensión global dos mecanismos de circulación de palabras e a súa distribución co decorrer do tempo, a vitalidade (e movementos) nas isoglosas, esencialmente fonéticas, usadas tradicionalmente para confrontar galego e portugués, etc.

Durante o ano 2009, o equipo portugués traballou na elaboración dun documento que recollese aqueles conceptos que eran comúns aos dous atlas, un confronto necesario para poder efectuar a selección dos itens que serán estudados. Froito deste traballo, naceu un informe de máis de medio cento de páxinas, organizado por campos semánticos e que inclúe ó redor de 800 correspondencias.

Deuse noticia deste proxecto e presentáronse unhas mostras da utilidade do traballo conxunto con datos dialectais galegos e portugueses nas reunións da Societas Linguistica Europaea (SLE) en Lisboa (setembro de 2009) e da International Society for Dialectology & Geolinguistics (SIDG) en Maribor (setembro de 2009). Ambos os dous traballos están en proceso de reelaboración, para a súa publicación en revistas.



## 1.5. ESTUDO DIALECTOMÉTRICO DAS VARIEDADES XEOLINGÜÍSTICAS DO GALEGO

IP	Xulio Sousa Fernández
MEMBROS DO EQUIPO	Rosario Álvarez Blanco   Francisco Dubert García   Marta Negro Romero
FINANCIAMENTO	Ministerio de Ciencia e Innovación Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación
PROXECTO EN COOPERACIÓN	Centro de Linguística da Universidade de Lisboa Fachbereich für Romanistik - Universidade de Salzburg

Os investigadores que colaboran no proxecto continuaron este ano co traballo de clasificación e análise dos materiais do *ALG<sub>a</sub>* que se están a introducir na base de datos do VDM (*Visual Dialectometry*).


Coa colaboración da investigadora contratada Marta Negro, rematouse a introdución dos materiais correspondentes á parte de Fonética. Estes materiais xa comezaron a ser revisados e analizados, e a partir deles xa se elaboraron os primeiros gráficos e representacións cartográficas. Os investigadores encargados das partes de morfoloxía e léxico continuaron o labor de selección dos materiais, ordenación e clasificación. Os materiais correspondentes á parte de léxico son os que están a presentar maiores dificultades de tratamento. Gran cantidade de información contida nos cuestionarios para cada pregunta dificulta a súa clasificación e análise. Con todo, na actualidade xa están preparados para a súa introdución na base de datos máis de 700 preguntas do cuestionario do *ALG<sub>a</sub>*.





## 1.6. TESOURO DO LÉXICO PATRIMONIAL GALEGO E PORTUGUÉS

O proxecto *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués* pretende integrar nun único banco de datos informático materiais lexicográficos con referenciación xeográfica procedentes de distintas fontes: corpora obtidos en traballos de campo, materiais dispersos en obras dialectais, vocabularios de falas, etc. Moitos destes materiais están inéditos e por iso son dificilmente accesibles para a comunidade científica. O proxecto está coordinado desde o Instituto da Lingua Galega (IP Rosario Álvarez); nel participan tres comités, galego, portugués e brasileiro.



O obxectivo é crear unha gran base de datos, en acceso libre a través de Internet, con toda a información organizada en lemas, con recolleita das distintas variantes de cada lema (fónicas, morfolóxicas) e coa posibilidade de coñecer todos os lemas rexistrados para expresar un concepto. A consulta permitirá non só localizar os lemas e variantes nas distintas fontes, senón obter fielmente en pantalla toda a información bibliográfica e lexicográfica contida nelas: autor, título, data, páxina...; formas, categorías, definicións, localización, etnografía, imaxes, usos, fraseoloxía, prexuízos lingüísticos... Desde o punto de vista lexicográfico deséñase como un gran dicionario de dicionarios, non como unha simple agregación de de glosarios independentes. A presentación permitirá tamén obter la cartografía automática das variantes e dos lemas seleccionados (Galicia, Portugal, Brasil), de forma que axudará a coñecer a distribución xeográfica das formas.

Unha parte substancial do proxecto consiste no desenvolvemento das ferramentas informáticas precisas para a colección, almacenamento, sistematización e integración de materiais que teñen tratamento moi heteroxéneo nas fontes e, sobre todo, para a elaboración dun complexo e completo sistema de buscas e

para a presentación de resultados consonte os obxectivos (lexicografía, variación dialectal e cartografía). O proxecto foi presentado en distintos foros en anos precedentes. En 2009, o equipo foi convidado a presentalo na revista *Fonética e Dialectología*, da sección de filoloxía da Academia Romena: Álvarez, R. / X. A. Álvarez Pérez / J. Saramago / X. Sousa Fernández (no prelo): “Presentación de un corpus digital de léxico tradicional: el *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*”.

O comité galego asume o deseño xeral do proxecto, así como a coordinación ao máis alto nivel e o seu control, en contacto permanente cos coordinadores e membros dos outros comités. Con tal fin, realizouse unha xuntanza en Coimbra (Faculdade de Letras, 14-15 de outubro), á que asistiron os membros do comité portugués, unha das coordinadoras do comité brasileiro (Profa. Sílvia Brandão) e tras representantes do comité galego, Rosario Álvarez (IP), Xulio Sousa (coord.) e César Osorio (encargado do deseño informático). Rosario Álvarez e Xulio Sousa realizaron unha visita a Brasil, da que se dará conta máis abaixo.

### a) Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués. Banco de datos electrónico (corpus galego) e cartografía automática

IP	Rosario Álvarez Blanco
MEMBROS DO EQUIPO	María Álvarez de la Granja   Xosé Afonso Álvarez Pérez (CLUL / ILG)   Francisco Fernández Rei   Sílvia Figueiredo Brandão (UFRJ)   Ernesto Xosé González Seoane   María Pilar López Suárez   Mónica Martínez Baleirón (IES A Pobra de Trives)   Rosa Mouzo Villar   Marta Negro Romero   César Osorio Peláez   Xandra Santos Palmou (Univ. Salamanca / ILG)   João António das Pedras Saramago (CLUL)   Xulio César Sousa Fernández
FINANCIAMENTO	Ministerio de Ciencia e Innovación, FFI2009-12110, para o período 2010-2012
PROXECTO EN COOPERACIÓN	Centro de Linguística da Universidade de Lisboa. Universidade Federal do Rio de Janeiro

En 2009, o equipo galego conseguiu financiamento do MICINN, para o período 2010-12. A axuda vai dirixida á contribución galega dentro do proxecto xeral, concretada como “Banco de datos electrónico (corpus galego) e cartografía automática”; os traballos asumidos para este trienio son: deseño e xestión da base xeral, volcado dos datos galegos previstos para a primeira fase (monografías dialectais, teses, tesinas e traballos análogos), lematización e tratamento lexicográfico, deseño informático da presentación e cartografía, publicación en rede e en aberto dos resultados.

Durante o ano 2009, con recursos propios, o traballo avanzou nas liñas seguintes: (a) definición xeral do proxecto, redacción dun protocolo de tratamento e traslado dos datos, deseño da base de datos, etc.; (b) inventario e recolleita dos textos susceptibles de ser incluídos; (c) obtención da versión electrónica dos textos que serán incluídos na primeira fase; (d) especificación das características que debe ter a presentación informática, cartografía, sistema de buscas...; (e) levantamento dos problemas lexicográficos e criterios de solución.


### b) Preparación e coordinación do proxecto “Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués”

COORDINADORAS	Rosario Álvarez Blanco   Sílvia Figueiredo Brandão (UFRJ)
PARTICIPANTES	Rosario Álvarez Blanco   Xulio C. Sousa Fernández
FINANCIAMENTO	AECID. Ministerio de Asuntos Exteriores y Cooperación 2009
PROXECTO EN COOPERACIÓN	Dpto. de Letras Vernáculas. Universidade Federal do Rio de Janeiro

Esta acción tiña como primeiro obxectivo entrar en contacto directo cos investigadores que, pola súa traxectoria e dedicación anterior, poderían estar interesados no proxecto, presentárllelo, discutir con eles o programa e chegar a compromisos de cooperación. Estaba establecido previamente o contacto coa Profa. Sílvia Brandão (UFRJ), que aceptara exercer como coordinadora, e con algúns dos investigadores que par-

ticipan no principal proxecto de xeografía lingüística en Brasil, o *ALiB*; por indicación da Profa. Brandão, a Profa. Vanderci Aguilera (da UEL), aceptara participar e compartir a coordinación.

En reunións e conversas anteriores, acordárase tentar establecer unha rede en que se coordinasen equipos asentados en grandes rexións, cada un deles cun coordinador zonal. Entre o 20 de novembro e o 14 de decembro, Rosario Álvarez e Xulio Sousa viaxaron a Brasil, para coñecer e visitar os coordinadores nas súas universidades:



Un dos obxectivos da viaxe de Rosario Álvarez e Xulio Sousa foi traballar a prol do establecemento desta rede de equipos dispostos a traballar coordinadamente no espazo brasileiro, baixo a dirección das dúas coordinadoras, e no europeo, cos comités galego e portugués. Para iso, cumpría entrar en contacto cos coordinadores propostos e cos investigadores dos seus grupos, para presentarllles o proxecto directamente, aclarando as posibles dúbidas; por iso en cada lugar desenvolvéronse sesións de traballo, en forma de seminarios. Neles presentouse o protocolo de tratamento dos datos, na última versión resultante do encontro de traballo en Coimbra, outubro 2009; debateuse sobre os distintos problemas metodolóxicos e de orde práctica, con algunhas sesións prácticas; os promotores galegos coñeceron sobre o terreo o volume, forma e estado dos materiais dispoñibles —con vistas á programación e cronoloxía das tarefas e á solución de problemas particulares— e debateron cos investigadores locais sobre a idoneidade das fontes achegadas.

En todos os lugares nos foi proposta a sinatura de convenios de cooperación, que dean amparo a este proxecto e a outras posibles accións docentes e investigadoras relacionadas. Neste momento están para se iniciar os trámites coas universidades que figuran no gráfico e coa UFMA, á que pertence un grupo do equipo Nordés.

O conxunto do equipo vai inscribirse no directorio dos *Grupos de pesquisa do CNPq*, como paso previo á solicitude de financiamento público. Do éxito da visita dá conta a composición actual do equipo, con aceptación expresa das persoas que figuran na táboa seguinte (xaneiro 2010); marcamos con trama os que exercen funcións de coordinación:

Rexión	Nome	Universidade
Centro-Oeste	Aparecida Negri Isquierdo	Universidade Federal de Mato Grosso do Sul
	Albana Xavier Nogueira	Universidade Federal de Mato Grosso do Sul / UNIDERP
	Elizabete Aparecida Marques	Universidade Federal de Mato Grosso do Sul
	Marigilda Antônio Cuba	Universidade Federal de Mato Grosso
Sul: Paraná	Vanderci de Andrade Aguilera	Universidade Estadual de Londrina
	Fabiane Cristina Altino	Universidade Estadual de Londrina
	Ênio José Toniolo	UNESP/ Universidade Estadual de Londrina
	Valter Pereira Romano	Universidade Estadual de Londrina
	Márcia Luciana Dei Tós	Universidade Estadual de Londrina
	Jonas Passos da Silva	Universidade Estadual de Londrina

Rexión	Nome	Universidade
Nordés	María do Socorro Silva de Aragão	Universidade Federal do Ceara Universidade Federal da Paraíba
	María Elías Soares	Universidade Federal do Ceara
	Rosemeire Monteiro Plantin	Universidade Federal do Ceara
	María Silvana Militão de Alencar	Universidade Federal do Ceara
	Samantha de Moura Maranhão	Universidade Federal do Piauí
	Kátia Cilene David da Silva	Universidade Federal do Ceara
	María de Fátima Sopas Rocha	Universidade Federal do Maranhão
	Mirna Gurgel Carlos da Silva	Universidade Federal do Ceara
	Conceição de Maria de Araújo Ramos	Universidade Federal do Maranhão
	José de Ribamar Mendes Bezerra	Universidade Federal do Maranhão
	Antônio Luciano Pontes	Universidade Estadual do Ceara
	Jamyle dos Santos Monteiro	Universidade Estadual do Ceara
Sul	Felício Wessling Margotti	Universidade Federal de Santa Catarina
	Antonio José de Pinho	Universidade Federal de Santa Catarina
	Olívia Pacheco de Souza	Universidade Federal de Santa Catarina
Norte	Abdelhak Razky	Universidade Federal do Pará
	Marilucia Barros de Oliveira	Universidade Federal do Pará
	Luciana Chedid	Universidade Federal do Pará
	Céliane Costa	Universidade Federal do Pará
Sueste	Silvia Figueiredo Brandão	Universidade Federal do Rio de Janeiro
	Adriana Lopes Rodrigues	Universidade Federal do Rio de Janeiro

### c) TEDIPOR: Tesouro Dialectal Português

IP João António das Pedras Saramago (CLUL)

**MEMBROS DO EQUIPO** Clarinda de Azevedo Maia (CELGA) | Isabel Maria de Almeida Santos (CELGA) | Carmen de Castro Duarte (CELGA) | Gabriela de Oliveira Vitorino (CLUL) | Maria José Simões Pereira de Carvalho (CELGA) | Sandra Maria de Brito Pereira (CLUL) | Xosé Afonso Álvarez Pérez (CLUL / ILG)

**CONSULTORAS** Silvia Figueiredo Brandão (UFRJ) | Rosario Álvarez Blanco

**FINANCIAMENTO** Fundação para a Ciência e a Tecnologia. Ministério de Ciência, Tecnologia e Ensino Superior (Portugal) PTDC/CLE-LIN/102650/2008. 2010-2012

**PROXECTO EN COOPERACIÓN** CELGA. Universidade de Coimbra | ILG. Universidade de Santiago de Compostela | Dpto. de Letras Vernáculas da Universidade Federal do Rio de Janeiro

Tamén en 2009, o equipo portugués conseguiu financiamento público da Fundação para a Ciência e a Tecnologia. Ministério de Ciência, Tecnologia e Ensino Superior (Portugal), para o desenvolvemento dos seus traballos no período 2010-12. O comité portugués está formado por investigadores do CLUL (Univ. de Lisboa) e investigadores do CELGA (Univ. de Coimbra), e integra no seu equipo, en distintos niveis, dous investigadores do ILG. Traballa coordinado co equipo do ILG, desde onde recibe instrucións organizativas, asesoría científica e apoio informático.

## 1.7. PROXECTO DE ELABORACIÓN E EDICIÓN DOS MATERIAIS DO ATLAS LINGÜÍSTICO DE LA PENÍNSULA IBÉRICA (ALPI)


IP Xulio Sousa Fernández

MEMBROS DO EQUIPO David Rodríguez Lorenzo | Rosa Mouzo Villar

PROXECTO EN COOPERACIÓN Centro de Humanidades y Ciencias Sociales, CSIC

O equipo galego colaborador do proxecto internacional de edición e elaboración dos materiais do Atlas Lingüístico de la Península Ibérica continuou coa introdución dos materiais á base de datos e tamén coa conversión da transcripción fonética á fonte adoptada. Durante este ano o traballo do equipo coordinador centrouse no deseño da base de datos de introdución dos materiais e no establecemento dun sistema de conversión do alfabeto fonético orixinal a unha alfabeto fonético utilizable na base de datos. Esta última tarefa foi a que ocupou as reunións celebradas durante 2009 no Centro de Humanidades y Ciencias Sociales de Madrid. Os investigadores do ILG, Francisco Duber e Xulio Sousa, contribuíron nestas reunións a fixar o sistema de correspondencias. Ademais, equipo galego encargouse de establecer unha primeira versión dos teclados virtuais que se utilizarán para a introdución da transcripción fonética dos materiais.

Os membros do equipo galego encargáronse tamén da dixitalización e ordenación dos materiais do ALPI que estaban en posesión dos herdeiros de Lorenzo Rodríguez-Castellano. A dixitalización destes cadernos, correspondentes á parte central da península, realizouse no ILG.



Debuxo do caderno do punto 147 (Rairiz de Veiga), ALPI

## 2. Sección de edición de textos

### 2.1. EDICIÓN DE COLECCIÓN DIPLOMÁTICAS DOS MOSTEIROS GALEGOS

IP	Ramón Lorenzo Vázquez
MEMBROS DO EQUIPO	M <sup>a</sup> Carme Pérez González
FINANCIAMENTO	Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística

O obxectivo deste proxecto é a edición diplomática de coleccións documentais completas procedentes de mosteiros galegos. En anos anteriores realizouse o inventario, recollida, lectura e edición da colección de Montederramo, que verá a luz proximamente, e desde entón trabállase na do mosteiro de Santa María de Oia (Pontevedra). O traballo realízase na sección de Historia da Lingua, baixo a dirección de Ramón Lorenzo.

En 2009 proseguimos coa edición dos fondos documentais do mosteiro de Oia; dos case 1300 documentos notariais do mosteiro correspondentes a Idade Media, a maioría están inéditos. Para a súa edición seguimos un protocolo estricto: localización dos documentos editados xa, localización dos orixinais dos mesmos, obtención de imaxes dos documentos, dixitalización das mesmas, tratamento das imaxes dixitalizadas e transcrición; a fase final consiste na revisión conxunta das transcricións para evitar inconsistencias á hora de resolver problemas de transcrición.





Gráfico: Fases seguidas no proceso de edición das coleccións diplomáticas dos mosteiros galegos

Neste ano, no traballo de edición dos fondos documentais do mosteiro, desenvolvéronse catro labores de forma paralela:

- Unha primeira lectura e transcripción das fontes (41 documentos novos lidos).
- Unha relectura de corrección para cotexar datos e estilos dos diversos notarios e completar lecturas dúbidas (128 documentos). Esta relectura non é lineal, pois consiste nunha continua revisión dos documentos xa transcritos utilizando os datos que van xurdindo ó transcribir os novos.
- A edición das imaxes dos documentos dixitalizados (57 imaxes tratadas).
- Baleirado dos datos relevantes de cada documento nunha base de datos.

Ademais proseguíuse coa localización dos documentos xa editados. Esta localización é indispensable para cotexar as lecturas propias coas alleas, mais tamén para reparar as lagoas producidas por documentos perdidos, fotocopias mal clasificadas, etc. Tamén se traballou na localización dos documentos orixinais co propósito de completar a colección e o uso dos microfilmes, precisos para depurar as lecturas. A documentación deste mosteiro é moi voluminosa (ata agora 1288 documentos) e en moi mal estado de conservación, debido ao cal o ritmo de lectura é moi lento. Quedan aínda 171 documentos para editar, dos cales 151 están aínda por transcribir e o resto por reler.

## 2.2. EDICIÓN DE TEXTOS DAS PRIMEIRAS DÉCADAS DO SÉC. XIX

IP Ramón Mariño Paz | Damián Suárez Vázquez (IES Fontiñas)

FINANCIAMENTO Sen financiamento específico

Nesta liña de investigación, o traballo realizado no ILG durante o ano 2009 deulle continuidade a un labor que se vén desenvolvendo desde moi atrás e que no ano 2008 conduciu á publicación dun volume que contén todos os textos da época coñecidos ata aquel momento, acompañados de cadansúa ficha con información bibliográfica e encadramento histórico. Referímonos ao libro *Papés d'emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846 (I)*, editado polo Consello da Cultura Galega e coordinado por Rosa Aneiros Díaz; a edición dos textos, fichas introductorias e notas son da autoría de Ramón Mariño Paz (ILG), as notas histórico-biográficas de X. R. Barreiro Fernández.

Ao longo do ano 2009 proseguíuse o traballo de busca, catalogación e edición de textos daquela época que aínda non tiñamos rexistrados. Na actualidade podemos dicir que existe xa unha edición deses novos textos realizada por Ramón Mariño Paz e Damián Suárez Vázquez, e que esa edición será publi-

cada proximamente polo ILG e mais polo Consello da Cultura Galega. Os novos textos atopados son os seguintes:

- Carta absolutista publicada na revista sevillana *El Tío Tremenda ó los Críticos del Malecon*, nº 80 (Sevilla, Imprenta de las Herederas de Sobrino, febreiro de 1813).
- O Tanguero [Manuel Pardo de Andrade] (1814): *Os servís e os liberás: Romance en gallego Os servís e os liberás ou sexa Os odinotes e os constitucionás*. Coruña: En la oficina de Don Antonio Rodriguez. Nos *Papés d'emprenta condenada* (pp. 209-223) reproducíuse a edición bilingüe galego-castelá aparecida en Madrid en 1820, xa que non contabamos aínda con ningún exemplar da edición coruñesa de 1814.
- [Nicomedes Pastor Díaz]: Fragmentos dun poema en gallego (ca. 1826-1828).
- Xan de Santa María de Todo o Mundo: carta liberal en *Eco del Comercio*, Madrid, 2 de agosto de 1835, pp. 2-3.
- Mingos Mariño: “Carta de un gallego”, *Fr. Gerundio* 161 (16/7/1839), *Capillada* 161 (109 de Madrid), pp. 73-75.
- “Lo que mas llena la boca”, *Fr. Gerundio* 286 (25/9/1840), pp. 390-392.
- Juan Manuel Pintos (1842): “Meu querido Pai”. Manuscrito.
- Juan Montero Telingue (1844): “Rosa e Pascual”. No volume titulado *Papés d'emprenta condenada* (pp. 496-498) reproducimos a transcripción que deste relato en verso de Juan Montero Telingue fixera Eugenio Carré Aldao na súa *Literatura gallega* de 1911. No mesmo lugar indicamos que sabiamos que esta peza aparecera xa en novembro de 1844 no *Faro Industrial de La Habana*, unha publicación americana á que non logramos acceder. Afortunadamente, no presente volume podemos ofrecer a transcripción dunha publicación que é incluso uns meses anterior á do *Faro Industrial da Habana*, pois incluíuse no número do 19 de maio de 1844 dunha cabeceira humorística madrileña chamada *La Risa, Enciclopedia de Estravagancias*: Juan Montero (1844): “Rosa y Pascual. Cuento gallego.” en *La Risa, Enciclopedia de Estravagancias* 58 (19/5/1844), pp. 57-58.
- “Amigo da miña alma”. Manuscrito anónimo e sen data.
- “Carta do cura de San Xuan de Esmelle na que lle dice a un seu amigo como fuxeo dun tal Pico que lle quería pegar un bon petardo o día do Patrono da súa Parroquia”. Manuscrito depositado na Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela (Ms. 665). Pódese datar entre 1791 e 1836, xa que don Juan Cardemil que se cita como persoa en exercicio das súas funcións na páxina 18 foi escribán en Ferrol no período abranguido entre eses dous anos.

Así mesmo, durante o ano 2009 o ILG organizou un simposio que, baixo o título de *Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade Contemporánea*, tivo lugar no mes de novembro en Santiago de Compostela, do que se dá noticia noutro lugar desta memoria. As comunicacións presentadas a este simposio, revisadas e repensadas polos seus autores e arrequeñadas con algunhas outras contribucións, serán o material constitutivo dun libro, xa en preparación, que publicarán proximamente o Instituto da Lingua Galega e o Consello da Cultura Galega.

### 2.3. MARTÍN SARMIENTO. OBRA COMPLETA

IP	Henrique Monteagudo Romero
MEMBROS DO EQUIPO	Serafín Alonso Pintos (IES Abrente, Ribadavia)   Xosé Antón López Silva (IES Porto do Son)   Xurxo Martínez González   Silvia Viso Pérez   Concepción Varela Orol (UdC)
FINANCIAMENTO	Convenio de colaboración entre o Consello da Cultura Galega e a Universidade de Santiago de Compostela
PROXECTO EN COOPERACIÓN	Consello da Cultura Galega
PÁXINA WEB	<a href="http://www.consellodacultura.org/sarmiento/">www.consellodacultura.org/sarmiento/</a>

Martín Sarmiento (1695-1772) é un dos referentes da Ilustración española e unha figura esencial na elaboración dun saber e dunha conciencia especificamente galegos. De feito, a temática galega ocupa

unha gran parte da vasta produción do berciano, que vai máis alá dos eidos literario e humanístico para introducirse dun xeito moi persistente en aspectos de índole social e científica. No proxecto *Martín Sarmiento. Obras completas*, un equipo interdisciplinario de especialistas, acomete desde 2002 a tarefa de recuperación e edición da súa obra escrita. Este traballo abrangue a dixitalización, transcripción e estudo do seu legado, ademais da elaboración dun rexistro exhaustivo de fondos manuscritos.

Ata a posta en marcha do noso proxecto, se se fixese unha estimación, poderíase calcular que a obra publicada de Sarmiento non superaba unha quinta parte do total que nos legou, fundamentalmente pertencente aos terreos filolóxico e humanístico. Así, da súa obra máis extensa (*Obra de 660 pliegos*), que ocupa cinco volumes da Colección Medina Sidonia, só foran publicados uns poucos fragmentos. No tocante a esta *Obra*, en 2009, rematouse o proceso de edición do volume 5, tomo XVII da Colección Medina Sidonia, que está listo para poder saír á luz proximamente.

Tamén ao longo de 2009 culminouse a transcripción do tomo VIII da Colección Medina-Sidonia: *Noticia de un extracto de el Libro Becerro de Celanova, Apuntamientos de diferentes autores sagrados y profanos para el pleito de la presentación de las abadías de los monjes benedictinos contra el rey, Extractos de privilegios y documentos antiguos en latín, Códigos góticos de la Librería de San Isidro de León y del archivo de la catedral*. Polo demais, está xa rematada a **recompilación de fontes** historiográficas hispánicas citadas por Sarmiento e atópase moi avanzado (coa previsión de concluílo nun prazo de entre dous e tres meses) o estudo das relacións e usos que destas fai o noso autor ao longo da súa obra (Fray Antonio de Yepes, Argaiz, Sandoval, Fray Benito de la Cueva).

Por outra parte, elaborouse a *Guía de fondos* da obra de Martín Sarmiento <http://consellodacultura.org/sarmiento/localizacion-dos-fondos/>, de grande importancia, dado que a parte dos seus fondos que chegou ata os nosos días está espallada en distintos arquivos e bibliotecas. Esta guía constitúe un dos obxectivos centrais do proxecto xa que permite calibrar a difusión que atinxiron estes textos nos círculos letrados e tamén porque se trata dunha información básica á hora de traballar na edición dos seus escritos.

Así mesmo, culminouse a elaboración do **Roteiro Sarmiento** na provincia de Pontevedra, que será incorporado proximamente aos *Roteiros da Cultura Galega*. Trátase dunha aplicación web para explorar o país en clave cultural con viaxes temáticas ao redor do noso territorio en soporte tecnolóxico: [www.culturagalega.org/roteiros/index.php](http://www.culturagalega.org/roteiros/index.php). Para a súa elaboración, de gran potencial turístico e cultural, tivéronse en conta as dúas viaxes de Sarmiento a Galicia (1745 e 1754) así como infinidade de datos espallados na *Obra de 660 pliegos* e na súa correspondencia persoal.

Conscientes da relevancia que ten na difusión do proxecto a **páxina web**, [www.consellodacultura.org/Sarmiento](http://www.consellodacultura.org/Sarmiento), esta foi actualizada e ampliada dun xeito notable. O progresivo desenvolvemento desta ferramenta está guiado pola dupla natureza —divulgativa e científica— do proxecto. A web estrutúrase en tres grandes bloques: un biográfico, de carácter divulgativo, acompañado dunha fotogalería con imaxes relativas ao contexto vital e intelectual de Sarmiento; outro de bibliografía, primaria e secundaria, orientado a especialistas investigadores, desde o que mesmo se pode acceder a artigos e traballos de investigación sobre o autor; e un terceiro que acollerá a colección documental dos textos que se están a editar, coa reprodución dixital da edición impresa e dos manuscritos. A continua incorporación de material e de referencias bibliográficas sobre a figura e a obra de Sarmiento fan desta páxina un punto de partida ineludible para calquera investigador ou curioso; de feito, a través dela xa mostraron o seu interese polo proxecto estudosos procedentes de Irlanda, Romanía ou Portugal. Este ano incorporamos unha nova epígrafe (Escritos varios e dispersos) dende a que ofrecemos a posibilidade de acceder a títulos de Sarmiento, cartas e escritos varios de diferente natureza, que fan referencia á vida ou á obra do erudito bieito, algúns deles inéditos e outros publicados por primeira vez en revistas ou xornais. O conxunto de publicacións que acolle este apartado destaca pola súa heteroxeneidade, acorde coa diversidade de ramas do coñecemento que abrangue a obra sarmentina.

## 2.4. TRANSCRIPCIÓN PALEOGRÁFICA DE OBRAS MEDIEVAIS

IP Xavier Varela Barreiro

**MEMBROS DO EQUIPO** Mariña Arbor Aldea (USC) | María Xosé Carrera Boente | Marta López Macías | Ramón Mariño Paz | Paulo Martínez Lema | Ricardo Pichel Gotérrez | Raquel Rodríguez Parada (IES Xunqueira, Pontevedra)

**FINANCIAMENTO** Sen financiamento externo específico

A realización de estudos paleográficos, grafemáticos e fonéticos fai imprescindible dispoñer de lecturas paleográficas, e de feito a súa inexistencia dificultou e practicamente imposibilitou no pasado o desenvolvemento de varias destas liñas de investigación.

Con este proxecto preténdese realizar a transcripción paleográfica dos nosos monumentos lingüísticos medievais. Nunha primeira fase abordáronse as obras literarias, históricas, técnicas, relixiosas e xurídicas; nestes momentos está en marcha a edición de obras e coleccións de carácter notarial.

Cada obra conta cun arquivo propio, no que se reúnen imaxes dixitalizadas dos manuscritos e a súa transcripción paleográfica. Sobre esta base elaboraranse, cando sexa necesario, edicións interpretativas a partir das cales se poderán facer outros estudos lingüísticos. Están transcritas ou en vías de transcripción 22 obras ou coleccións documentais.

No ano 2009 limitouse a actividade a un único foco: a transcripción e edición da *Historia troiana*, da que é autor Ricardo Pichel Gotérrez na súa tese de doutoramento, de próxima lectura: *A "Historia Troiana" (BMP, Ms. 558): edición e estudo histórico-filolóxico*. Na relación de publicacións que figura noutro lugar desta memoria recóllense outros resultados de investigación recentes, no marco deste proxecto.

# 3. Sección de fonética e fonoloxía

## 3.1. AMPER GALICIA

IP	Elisa Fernández Rei
MEMBROS DO EQUIPO	Francisco Dubert   Noelia Engroba Vidal   Carolina Pérez Capelo   Xosé Luís Regueira   Lidia Teixeira   Natalia Vázquez
FINANCIAMENTO	Parcialmente financiado polo MEC (tres bolsas de colaboración) e polo grupo de investigación Grupo de Investigación <i>Lingüística e Filoloxía Galega</i> de la Universidad de Santiago de Compostela (GI-1743).
PROXECTO EN COOPERACIÓN	Université Stendhal-Grenoble III   Università degli Studi di Torino   E 27 universidades máis do resto de Europa e de Sudamérica.
PÁXINA WEB	<a href="http://w3.u-grenoble3.fr/dialecto/AMPER/amper.htm">http://w3.u-grenoble3.fr/dialecto/AMPER/amper.htm</a>   <a href="http://perso.limsi.fr/rilliard/amper/index.php">http://perso.limsi.fr/rilliard/amper/index.php</a>

O proxecto AMPER ten como obxectivo último confeccionar un atlas multimedia que permita consultar, a través de internet, os datos acadados sobre o estudo da prosodia nas distintas linguas románicas. A coordinación xeral do proxecto é responsabilidade dos profesores Michel Contini (Université Stendhal-Grenoble III, Francia) e Antonio Romano (Università degli Studi di Torino, Italia); porén, para abranguer mellor a totalidade do espazo da Romania, fóronse incorporando distintos equipos de investigación multi-disciplinares en varios dominios lingüísticos. A rede, aínda en expansión, está integrada por 32 universidades e centros de investigación europeos e suramericanos, a relación presente é a seguinte:

**a) Relación de países e grupos participantes en Europa:**

**FRANCIA**

GIPSA-lab (équipe Systèmes Linguistiques et Dialectologie) | Maison des sciences de l'Homme de Grenoble | Université Stendhal | Laboratoire d'Informatique pour la Mécanique et les Sciences de l'Ingénieur (LIMSI-Cnrs)

**ITALIA**

Università di Torino | Università dell'Aquila

**PORTUGAL**

Universidade de Aveiro | Universidade dos Açores | Universidade da Madeira

**ESPAÑA**

Universitat de Barcelona | Universidad Autónoma de Madrid | Universidade de Santiago de Compostela | Universidad de Oviedo | Universidad de Sevilla | Universidad de Valladolid | Universidad de Deusto | Universidad de Granada | Universidad de Zaragoza | Universidad de la Laguna

**ROMANÍA**

Universitatea 'Alexandru Ioan Cuza' de Iasi

**b) Relación de países e grupos participantes en Suramérica****ARXENTINA**

Consejo Nacional de Investigaciones Científicas y Técnicas | Universidad de Buenos Aires

**CHILE**

Pontificia Universidad Católica de Chile

**COSTA RICA**

Universidad de Costa Rica-San Jose

**VENEZUELA**

Universidad de Los Andes

**BRASIL**

Universidade Federal Fluminense | (Rio de Janeiro) | Universidade Federal do Rio de Janeiro | Pontificia Universidade Católica de S. Paulo | Universidade Federal do Pará | Universidade Federal de Minas Gerais | Universidade Federal do Amazonas | Universidade Federal de Santa Catarina

Para o dominio galego, creouse AMPER-Galicia (coordinado por Elisa Fernández Rei), que se encarga do estudo das diferentes variedades dialectais do galego, sobre todo a través da gravación de distintos informantes e a análise dos principais índices acústicos da prosodia (F0, duración e enerxía). AMPER-Galicia ten como principal obxectivo facer unha descrición e estudo dos principais modelos entoativos do galego, a partir da recollida de datos procedentes dunha rede de puntos de enquisa repartidos ao longo de toda Galicia. O proxecto comezou no ano 2003.

Durante o 2009, realizáronse algúns desprazamentos para realizar gravacións que xa estaban iniciadas, pero que debían ser completadas (Carballo, Ribadeo, Oia e Fonsagrada). Rematouse a codificación do material recollido que aínda non fora codificado (Allariz, A Fonsagrada, Cospeito e O Barco de Valdeorras). Con todo, os esforzos dirixíronse sobre todo á análise dos datos xa recollidos, de xeito que se levou a cabo a análise completa das mulleres de Ribadeo e do Grove e analizáronse parcialmente unha boa parte dos informantes dos 16 puntos de enquisa contemplados no proxecto (as mulleres de Cariño, Cospeito, Lobios, Ribeira, Cangas e Oia; e os homes de Lalín, Carballo, Camelle e O Barco de Valdeorras).

Parte do resultado deste traballo pode verse na páxina web do proxecto, onde se poden consultar os datos (sonoros e gráficos) das falantes de Camelle, Carballo e O Incio, así como do home do Incio. Proximamente, estarán dispoñibles tamén as enquisas das mulleres de Ribadeo e do Grove. Canto a publicacións, con data de febreiro de 2010, a coordinación de Grenoble ten consignados máis de 250 artigos, dos que 18 corresponden a AMPER-GALICIA.



### 3.2. BASE DE DATOS SPEECH-DATA EN GALEGO

IP Manuel González González

MEMBROS DO EQUIPO Empresa financiadora: TECNOCOM Telecomunicaciones y energía, S.A. 2007-2010

PROXECTO EN COOPERACIÓN Tecnocom  
Universidade de Vigo

O proxecto procura a preparación dun corpus oral da lingua galega, etiquetado, recollido por vía telefónica, para o adestramento e verificación de sistemas de recoñecemento de voz en galego, e de maneira especial os recoñecedores de fala continua, multiusuario e multitarefa.

Segue as especificacións *SpeechDat*, proxecto promovido pola Unión Europea coa idea de lograr unha certa estandarización na recollida, representación e anotación de córpora orais. A finalidade da utilización desta base de datos *Speech-Dat* por parte da empresa Telecom é a de adestramento do seu sistema de recoñecemento de voz para o galego, que está realizando baixo os auspicios da empresa italiana Loquendo. A base de datos está realizada con base nun macrotexto amplo e representativo do idioma, cun control exhaustivo de todo o material, tanto desde o punto de vista do respecto rigoroso das especificacións *SpeechDat*, como desde a perspectiva de obter unha base de datos compensada foneticamente, cun número suficiente e equilibrado de unidades de adestramento. A base de datos está enfocada cara a sistemas multilocutor, polo que se esixe unha ampla variedade de mostras procedentes de moitas persoas.

Nos sistemas multilocutor as taxas de erro son moito maiores ca nos monolocator, debido á gran variabilidade da fala. Dunha fiable etiquetaxe desta variabilidade, tanto debida a falantes distintos como a producida por distintas realizacións dun mesmo falante, vai depender en boa medida a calidade do recoñecemento. Á parte da variabilidade, e en relación coa pluralidade de falantes, unha característica fundamental desta base de datos é a naturalidade, característica importantísima xa que a maioría das voces das que terá que dar conta o sistema de recoñecemento non pertencerá a profesionais adestrados previamente, senón que corresponderá a falantes normais.

### 3.3. DICCIONARIO FONÉTICO GALEGO

IP Xosé Luís Regueira Fernández

MEMBROS DO EQUIPO Carme García Rodríguez | Carme Hermida Gullás | Xosé Pérez Sardiña (UVigo) | Xulio Sousa Fernández

COLABORADORES Antón López Dobao (CRTVG) | Carme Vidal Reimúndez (Xunta de Galicia)

FINANCIAMENTO Sen financiamento externo

O proxecto *Diccionario fonético galego* inscríbese na liña de traballo que trata de fornecer pautas para un modelo estándar da lingua galega oral.

Consiste na presentación de propostas de pronuncia de máis de 45000 palabras, que corresponden ás entradas do *VOLGa*. Para iso, elaboráronse uns criterios sobre cal debería ser a forma do galego estándar, tomando en consideración tanto datos lingüísticos coma sociolingüísticos. Á hora de aplicalos foi necesario investigar a forma fónica de varios miles de palabras, tanto por medio da consulta de toda a información fonética dispoñible coma por medio de enquisas realizadas a galegofalantes procedentes de diferentes puntos de Galicia. O proxecto comezou en 1999.

Este diccionario, por tanto, presenta unhas propostas de pronuncia modelo, que poden ser de utilidade e aplicación nos medios de comunicación falados, no ensino e en material didáctico, dicionarios, etc. A última versión conta con 46783.

Foi entregado á RAG, institución que ten por lei a autoridade normativa. Espérase a publicación nos próximos meses.

### 3.4. ESTUDIO PERCEPTIVO DA VARIACIÓN PROSÓDICA DIALECTAL DO GALEGO

IP Elisa Fernández Rei

**MEMBROS DO EQUIPO** Lurdes de Castro Moutinho (Univ. de Aveiro) | Francisco Dubert | Ana Escourido Pernas (Universitat de Barcelona) | Xosé Luís Regueira | Antonio Romano (Università di Torino)

**FINANCIAMENTO** Dirección General de Investigación (MICINN) (FFI2009-12738)

Neste proxecto vaise levar a cabo un estudo perceptivo que nos axude a determinar as características prosódicas pertinentes dos contornos de entoación. Este traballo permitirá establecer cales son os trazos prosódicos característicos das distintas variedades dialectais do galego, así como os parámetros prosódicos pertinentes para a oposición entre modalidades oracionais.

Tanto a metodoloxía para o deseño e confección dos tests perceptivos coma os resultados que obteñamos serán unha contribución importante para o proxecto internacional Atlas Multimedia Prosódico do Espazo Románico (AMPER) [<http://www.u-grenoble3.fr/dialecto/AMPER/amper.htm>], pois forneceralles aos restantes grupos unha ferramenta para a validación dos datos que se amosan no atlas. Os resultados obtidos no noso traballo poden ser moi valiosos para o establecemento de novos criterios para a clasificación dos dialectos, así como para beneficiar o avance do coñecemento noutras áreas de investigación, como a fonoloxía ou as tecnoloxías da fala, na medida en que profundará no coñecemento da relación entre parámetros acústicos e percepción.

**hereditariamente** *av*  
ereditarja'mente ereditarja'mente  
**hereditario** *a* ereditarjo ereditarjo  
| *f*: hereditaria ereditarja  
ereditarja  
**heresiarca** *s* eresiarca  
**herético** *a* e'retiko | *f*: herética  
e'retika  
**herexe** *s* e'rexe  
**herexía** *f* ere'xia  
**hermafrodita** *a m* ermafrodita  
**hermafroditismo** *m*  
ermafroditismo  
**hermeneuta** *s* erme'newta

**hertz** *m* 'herts  
**hertziano** *a* her'tsjano | *f*: hertziana  
her'tsjana  
**hespérico** *a* esperiko | *f*:  
hespérica esperika  
**hesperidio** *m* espe'ridjo  
**hetaría** eta'ria | *var* hetería  
**hetera** *f* e'tera  
**hetería** *f* ete'ria | *var* hetaría  
**heterocardios** *mpl* etero'karðjos  
**heterocercos** *a* etero'terko | *f*:  
heterocerca etero'terka  
**heteróceros** *mpl* ete'ro'teros  
**heterocíclico** *a* ete'ro'tikliko | *f*:

# 4. Sección de gramática

## 4.1. CONSTRUCCIÓN VERBAIS E SINTAXE DA ORACIÓN

IP	Rosario Álvarez Blanco   Xosé Xove Ferreiro
MEMBROS DO EQUIPO	Francisco Cidrás Escáneo   Ernesto González Seoane   Xosé Luís Regueira Fernández   Xulio Sousa Fernández
PROXECTO EN COOPERACIÓN	Seminario de Gramática da RAG

O obxectivo do proxecto é a descrición das estruturas sintácticas oracionais do galego moderno a partir do verbo, presentada en forma de base de datos.

O corpus inicial consta duns 100.000 rexistros seleccionados a partir do material ofrecido polo Tesouro Informatizado da Lingua Galega (*TILG*). Para os constituíntes de cada oración establécese a función sintáctica, algunhas características semánticas e o tipo de unidade que a manifesta, coas particularidades formais que presenta en cada oración. Ademais destas informacións, a base de datos contén sempre a acepción semántica do verbo estudado, a secuencia completa de todos os constituíntes da oración e o esquema sintáctico dos constituíntes requiridos polo verbo nesa construción.

Esta descrición permitirá un uso moi amplo, e en sentidos diferentes, da base de datos para investigadores con moi diversos intereses. Á parte desta utilidade xeral da base, o obxectivo primeiro do equipo céntrase na descrición dos verbos galegos tanto no relativo ás acepcións coma no que se refire ás construcións sintácticas, con vistas á elaboración dun dicionario de verbos, que á súa vez se encaixa dentro dos traballos realizados no seo do ILG para a realización dun dicionario xeral do galego. O proxecto comezou en xaneiro de 2002.

No ano 2009 apenas se incrementou a base con novas análises de rexistros, labor que esperamos retomar ao comezo do ano 2010, se volvemos contar cunha persoa de apoico (contrato a cargo da RAG). En troques, fíxose traballo de síntese a partir dos datos introducidos anteriormente; véxase, como mostra, o artigo de María Pereira, anterior bolsreira do Seminario de Gramática, en *ELG* 2009 (construcións dos verbos *oír* e *escoitar*).

## 4.2. GRAMÁTICA DA LINGUA GALEGA

IP Rosario Álvarez Blanco

MEMBROS DO EQUIPO Francisco A. Cidrás Escáneo | Ernesto X. González Seoane | Xosé Luís Regueira Fernández | Xosé Xove Ferreiro

PROXECTO EN COOPERACIÓN Encargo da Real Academia Galega

O traballo da sección de gramática organízase arredor do proxecto dunha gran *Gramática xeral descritiva do galego moderno*. O seu obxectivo último é a descrición da gramática do diasistema do galego moderno (séculos XIX-XXI), atendendo ás distintas variantes xeográficas, cronolóxicas, sociais e estilísticas comprobables na actualidade.

Nos últimos anos, este equipo de gramáticos, coordinado por Rosario Álvarez, ten o cometido de elaborar a gramática institucional da RAG; o equipo, que permanece coa mesma composición desde o inicio, definiu os seus criterios e obxectivos en Álvarez/Monteagudo 2004. O obxectivo do encargo académico é redactar unha gramática descritiva do galego estándar, capaz de orientar sobre o uso e as múltiples opcións lingüísticas, e asemade sobre a corrección gramatical, dirixida a usuarios de amplo espectro, con certo nivel cultural pero sen coñecementos técnicos en lingüística. A gramática académica que se pretende é unha gramática de referencia, que describe o galego estándar e o “bo” uso da lingua; non se programa como unha gramática prescritiva senón cunha gramática descritiva, mais así a todo debe orientar o uso oral e escrito do galego máis axeitado a cada situación lingüística.

Da súa natureza nace tamén a súa dificultade, pois a gramática da RAG non pode ser unha gramática máis. Os promotores e os redactores son conscientes de que calquera texto gramatical emanado da institución que ten a autoridade en materia normativa vai ser entendido cun forte carácter prescritivo. Son conscientes tamén que o usuario vai demandar dese texto unha luz que disolva os seus problemas, polo que se sentirá defraudado sempre que o texto non o guíe nas súas dúbidas.

Por tanto, o novo texto ten que ser descritivo do estándar, e para iso é preciso definir que é ou non é “estándar”, mais alá dos aspectos contidos nas *Normas*. Como se indica no inicio do texto normativo, o estándar debe ser fiel á lingua falada e asentar na tradición, ademais de ser congruente coas outras linguas románicas, nomeadamente o portugués. No ano 2009, Álvarez, González e Xove dedicaron gran parte da súa investigación ao estudo de determinados problemas gramaticais na lingua do século XIX, os dous primeiros centrados nas décadas iniciais e o terceiro en todo o período, incluídas as primeiras décadas do século XX. Cidrás e Regueira, por outra banda, afrontaron o estudo dos procesos de cambio lingüístico detectables no galego actual, un no campo da sintaxe e outro do plano fonético e fonolóxico; os resultados inmediatos foron publicados en forma de senllos artigos (*ELG* 2009), pero tamén terán traslación de xeito diferente ó texto da gramática académica.

Asemade, a gramática da RAG debe informar sobre a corrección lingüística e orientar o uso oral e escrito do galego máis axeitado a cada situación lingüística. Como xa foi sinalado en anterior ocasión, o equipo redactor non sempre atopa na bibliografía bases seguras que lle permitan ir máis aló da respectiva experiencia como falantes dos seus membros, polo que debe concentrar o labor en investigacións puntuais, que vén a luz en forma de artigos ou comunicacións (poñamos como exemplo os dous publicados por Álvarez/Xove en 2009 sobre os adv. *acó e aló*).

### 4.3. VARIACIÓN E CAMBIO NO SISTEMA LINGÜÍSTICO HISTÓRICO GALEGO-PORTUGUÉS. COMPARACIÓN ENTRE O GALEGO E O PORTUGUÉS POPULAR BRASILEIRO

IP	Henrique Monteagudo Romero
MEMBROS DO EQUIPO	<b>Brasil:</b> Maria Jussara Abraçado de Almeida (UFFL)   Valéria Gil Condé (USP)   Paulo Antonio Pinheiro Correa (UFFL)   Xoán Carlos Lagares Díez (UFFL, coord.)   Claudia Nívea Roncarati de Souza (UFFL) <b>Galicia:</b> Rosario Álvarez Blanco   Elisa Fernández Rei   Ernesto X. González Seoane   Xulio Sousa Fernández
FINANCIAMENTO	Secretaría General de Universidades (Ministerio de Educación, España). Convenio de cooperación con CAPES (Ministério de Educação, Brasil). PHB2009-0079-TA / PHB2009-0092-TA
PROXECTO EN COOPERACIÓN	Universidade Federal Fluminense (Niteroi [Brasil])

A pretensión inicial, para a que se solicitou a axuda, é elaborar un proxecto que se presentará dentro da modalidade A da seguinte convocatoria do mesmo programa. O obxectivo central da investigación é encontrar puntos de conexión entre as variedades faladas do galego e as do portugués brasileiro, tendo en conta que Galicia e Brasil son áreas lingüísticas relativamente marxinais, nas que as falas populares (en particular, os dialectos rurais) mantiveron maior vitalidade e experimentaron menor presión homoxeneizadora da lingua literaria e culta. A hipótese de partida é que esas coincidencias non se deberán a unha influencia directa do galego no portugués brasileiro (que só se podería dar a través da inmigración galega, máis notable nos séculos XIX e XX, pero numericamente de importancia reducida para as dimensións do Brasil), senón á preservación de trazos antigos das variedades do portugués levadas a Brasil a partir do século XVI, trazos comúns co galego, que no territorio de Portugal hoxe non se documentan ou foron desprazados por variantes innovadoras, asociadas á difusión e imposición do portugués cultivado.

Durante o ano 2009 constituíuse o equipo en Galicia e en Brasil, definíronse as liñas de acción e os temas prioritarios, fíxose a memoria para obter financiamento e mais elaborouse o programa de actividades que se desenvolverán, en dous encontros científicos, en Santiago (xullo 2010) e no Rio de Janeiro (novembro 2010).

# 5. Sección de historia da lingua

## 5.1. ESTUDO LINGÜÍSTICO E PALEOGRÁFICO DO CANCIONEIRO DA AJUDA

IP	Xavier Varela Barreiro
MEMBROS DO EQUIPO	Mariña Arbor Aldea (USC)   Mercedes Brea López (USC)   María Xosé Carrera Boente   Marta López Macías   Alexandre Rodríguez Guerra (UVigo)
FINANCIAMENTO	Consellería de Innovación e Industria (PGIDIT06PXIB240159PR) (anos 2006-2009)
PROXECTO EN COOPERACIÓN	<i>La lírica gallego-portuguesa en la corte de Alfonso X. Autores y textos</i> (HUM2007-61790). IP: Pilar Lorenzo Gradín (Dpto. Filoloxía Galega, USC)   <i>Cancioneiros gallego-portugueses: edición crítica e estudo (en formato impreso e electrónico)</i> . Proxecto coordinado (USC / UDC / UVIGO). USC: "Cancioneiro de cabaleiros" (PGIDIT06CSC20401PR). Xunta de Galicia. IP: Mercedes Brea López (Dpto. Filoloxía Galega, USC).

A pouca atención prestada ao estudo sistemático da lingua dos cancioneiros contrasta co grande desenvolvemento doutros enfoques, nomeadamente o literario e o histórico. Con este proxecto preténdese dar un primeiro paso no intento de equilibrar os resultados dun e doutro enfoques O *Cancioneiro da Ajuda* é o primeiro dos cancioneiros, o único contemporáneo ao mundo trobadoresco e a obra que mellor representa o primeiro latexar da escrita literaria hispánica occidental. O plan xeral das actividades comprende:

- Construción do Arquivo de Recursos do Cancioneiro da Ajuda (ARCA).
- Fixación do texto (versións paleográfica, pospaleográfica, preinterpretativa e interpretativa). Pártese de edición paleográfica propia, realizada por Mariña Arbor.
- Construción do corpus informatizado (fabricación dun modelo informático de xestión textual por estratos relacionables; elaboración da DTD e aplicación a tres das versións do texto; elaboración dos criterios de lematización e etiquetación e posterior aplicación ao texto da versión interpretativa).
- Estudo paleográfico.
- Estudo gráfico.



- Estudo fonético.
- Estudo morfolóxico.
- Estudo léxico e onomástico.
- Estudo sintáctico.
- Estudo da variación dialectal.

Durante o ano 2009 déuselles o peche a tres das actividades: (a) última revisión e fixación definitiva da edición paleográfica do cancionero; (b) fixación da edición interpretativa; (c) revisión final da lematización dos 310 textos que compoñen o cancionero.

As outras actividades continuaron abertas, aínda que cun ritmo de desenvolvemento de menor intensidade. Destaca entre elas un Novo glosario do Cancioneiro da Ajuda, no que se aplica un modelo híbrido (información léxica, gramatical e literaria) e do que se espera ofrecer tres versións: unha en papel e dúas en soporte dixital (unha estática e outra dinámica). O novo glosario e a microestrutura das entradas verbais, especialmente complexas pola información gramatical, será presentada no número 2 de *ELG*, de inminente aparición.



## 5.2. GRAMÁTICA HISTÓRICA DA LINGUA GALEGA

IP Xavier Varela Barreiro

MEMBROS DO EQUIPO Amparo Cereixo Silva (IES As Pontes) | Ramón Mariño Paz | Alexandre Rodríguez Guerra | (UVigo)

FINANCIAMENTO Sen financiamento externo específico

A realización desta obra foi o que motivou a construción dun corpus do galego medieval. Durante bastantes anos quedou relegada a un segundo plano e os esforzos centráronse sobre todo nos traballos do *Xelmírez*.; así foi tamén no ano 2009.


A *Gramática Histórica* ten abertos na actualidade os traballos de tres dos seus catro volumes (*I: Fonética e fonoloxía*; *II: Morfoloxía*; *III: Sintaxe*; *IV: Léxico*). No eido da fonética fóronse publicando diferentes traballos. Destacan os realizados por Ramón Mariño, que é o responsable da coordinación do primeiro volume. No terreo da morfoloxía fixéronse moitos traballos, algúns como publicacións e outros como traballos académicos (TADs, TITs, memorias de licenciatura e teses de doutoramento). O coordinador do volume é Xavier Varela. Para o tomo da sintaxe elaborouse unha base de datos (AOGM) na que se vén realizando desde os anos 90 análise oracional. O número de oracións analizadas ascende a 40.000. Unha parte importante delas foi feita por Amparo Cereixo, que trata na súa tese de doutoramento a función de Complemento Indirecto en galego medieval. Son súas todas as fichas introducidas recentemente. Pola súa banda, Alexandre Rodríguez, coordinador do volume de sintaxe, ten varias publicacións recentes que consisten en achegas parciais en dominios inexplorados da sintaxe medieval e ten redactado un primeiro borrador da historia da oración simple.

### 5.3. TESOURO MEDIEVAL GALEGO-PORTUGUÉS

IP	Xavier Varela Barreiro
MEMBROS DO EQUIPO	Véxase a información particularizada en cada un dos subproxectos englobados
FINANCIAMENTO	Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.   Ministerio de Educación y Ciencia (HUM2006-11125-C02-02/FILO)   Consellería de Innovación e Industria (INCITE08PXIB302185PR)
PROXECTO EN COOPERACIÓN	Véxase a información particularizada en cada un dos subproxectos englobados

Baixo esta denominación xeral agrúpanse varios proxectos complementarios que o equipo de traballo dirixido por Xavier Varela Barreiro vén realizando no eido da lingüística de corpus desde o ano 1992 no Instituto da Lingua Galega. Teñen en común acoller nas súas bases textos da Galicia e do Portugal medievais e diferéncianse pola lingua que representan (galego-portugués, latín, castelán).

A organización xeral do conxunto é a seguinte:



#### a) Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG)

IP	Xavier Varela Barreiro
MEMBROS DO EQUIPO	Amparo Cereixo Silva (IES As Pontes)   Rocío Dourado Fernández   Lucía Doval Iglesias   Ramón Lorenzo Vázquez   Paulo Martínez Lema   César Osorio Peláez   Iria Pérez Mariño   Ricardo Pichel Gotérrez   Iago Santiso Fernández
FINANCIAMENTO	Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística   Ministerio de Educación y Ciencia (HUM2006-11125-C02-02/FILO)   Consellería de Innovación e Industria (INCITE08PXIB302185PR)
PROXECTO EN COOPERACIÓN	Véxase descrición de <i>RILG</i>
PÁXINA WEB	<a href="http://ilg.usc.es/TMILG">http://ilg.usc.es/TMILG</a>

É, dentro do Xelmírez, a liña máis avanzada e de maior proxección externa. Trátase do subcorpus das obras e coleccións documentais redactadas en romance galego na Galicia medieval. A base do *TMILG* contén a totalidade das obras non notariais publicadas da Galicia medieval (literarias, históricas, relixiosas, xurídicas e técnicas). Das obras notariais xa está incluída unha boa parte das publicadas (aproximadamente o 95%) e están moi avanzados os traballos para a carga das restantes. Así mesmo están informatizadas ou en proceso de informatización boa parte das coleccións documentais aínda inéditas recollidas en traballos académicos de distinto teor (teses de doutoramento, teses de licenciatura, TITs, etc.). En número, os documentos colectados son máis de 20.000. O arco cronolóxico vai do século XIII a mediados do XVI (con rexistros romances desde o VIII).

Está accesible en rede, en acceso gratuíto, unha versión sen lematizar e sen marcaxe onomástica. Para os seus traballos o grupo de investigación dispón xa dunha versión dos textos na que está rematada a marcaxe onomástica e segue o seu curso o proceso de lematización.

Durante o ano 2009 desenvolvéronse traballos que foron continuación e reforzamento das liñas iniciadas e atendidas nos exercicios anteriores. Por unha banda, avanzaouse na corrección e marcaxe daquelas obras da nosa base textual que, por motivos diversos, foran quedando pendentes ou precisaban de novas correccións; pola outra, foise arrequentando a devandita base cunha importante cantidade de textos novos (en números redondos, 15.000.000 de caracteres), a maioría delas de recente aparición no panorama editorial e cuxa relevancia radica basicamente no que representan de enchemento de ocos (na cronoloxía, na diatopía ou na tipoloxía textual) do noso corpus. Ao longo de 2009 sometéronse a revisión, corrección ou segunda corrección un total de 14 novas obras, case todas de extensión moi considerable. Varias delas estarán moi axiña (esperamos que sexa a finais de 2009 ou comezos de 2010) á disposición do usuario-investigador en Internet.

A mecánica de traballo no *Xelmírez* aborda os textos en dúas fases sucesivas. Primeiramente dixitalízanse os textos (vía OCR ou vía picado manual, co conseguinte labor de revisión e corrección) e aplícaselles unha pre-DDT nun formato básico (TXT). Esta versión permite un primeiro e valioso aproveitamento das obras antes de seren preparadas para o seu procesamento masivo; este só é posible na segunda fase, na que son sometidos ao estándar XML. No marco da primeira fase (TXT), ao longo do ano 2009, tal e como foi indicado no parágrafo anterior, os membros do equipo someteron a unha coidadosa revisión e corrección ata un total de 14 novas obras, case todas de grande extensión. O proceso de conversión de textos ao formato XML leva as obras á versión definitiva para o seu aproveitamento masivo a través de Internet. En 2009 converteuse un total de 19 obras, boa parte das preparadas en formato TXT (con referencias COCOA) ao longo do ano 2008.

Está coordinado con outros proxectos propios do ILG e con proxectos doutras universidades. Da súa parte o equipo do *TMILG*, xuntamente co do *TILG* e os dos dicionarios de dicionarios (moderno e medieval), mantén relación estable co equipo do Seminario de Lingüística Informática Universidade de Vigo. O obxectivo primeiro é a construción dunha plataforma de recursos informatizados para a investigación da lingua galega. O proxecto e os seus resultados máis visibles (*TMILG*) foron presentados en distintos foros científicos. Das publicacións que viron a luz en 2009 destacamos:

- Martínez Lema, Paulo (2009): «Un corpus para o estudo do galego medieval: o *TMILG* (Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega)», en A. Santamarina Fernández / E. González Seoane / X. Varela Barreiro (eds.): *A lexicografía galega moderna: recursos e perspectivas*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 217-233.
- Pichel Gotérrez, Ricardo / Xavier Varela Barreiro (2009): “O corpus do galego medieval: o *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG)*”, en Andrés Enrique-Arias (ed.): *Diacronía de las lenguas iberorrománicas: nuevas aportaciones desde la lingüística de corpus*. Madrid: Iberoamericana / Vervuert (Lingüística Iberoamericana, nº 37), 195-215.

## b) Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Castelá – Galicia (TMILC-G)

IP Xavier Varela Barreiro

**MEMBROS DO EQUIPO** Raquel Alonso Parada | Rocío Dourado Fernández | Lucía Doval Iglesias | Ramón Mariño Paz | Paulo Martínez Lema | Iria Pérez Mariño | Ricardo Pichel Gotérrez | Iago Santiso Fernández

**FINANCIAMENTO** Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

A presenza de documentos labrados en castelán entre a documentación procesada estase aproveitando para ir construíndo no ILG un corpus do castelán de Galicia que sexa abranxente de toda a historia. Na actualidade son 3.000 os documentos preparados. No futuro ampliarase o arco cronolóxico, comezando pola Idade Moderna, na procura dun subcorpus en castelán que vai permitir encher algunhas lagoas, sobre todo léxicas e onomásticas, pero tamén fonéticas e morfosintácticas, ás que condena a precariedade do galego escrito no período medio da nosa historia. Está previsto que nese momento o TMILC pase a chamarse CHCG (Corpus Histórico do Castelán de Galicia).

En 2009 codificáronse e preparáronse os documentos ou fragmentos en castelán das 14 novas obras incorporadas ao XELMÍREZ e das 19 convertidas ao formato XML (véxase *TMILG*).

## c) Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Latina – Galicia (TMILL-G)

IP Xavier Varela Barreiro

**MEMBROS DO EQUIPO** Xosé Luís Couceiro Pérez | Rocío Dourado Fernández | Lucía Doval Iglesias | Paulo Martínez Lema | Iria Pérez Mariño | Ricardo Pichel Gotérrez | Iago Santiso Fernández | Xaime Varela Sieiro (IES Chano Piñeiro, Forcarei)

**FINANCIAMENTO** Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística

Os traballos de preparación dos textos de coleccións documentais plurilingües foi achegando ao Xelmírez un importante número de documentos e obras labrados en latín. Na actualidade a cifra ronda os 5.000, o que fai do TMILL un corpus bastante representativo do latín medieval galaico.

Dada a existencia desde hai moitos anos do CODOLGA (Corpus Documentale Latinum Gallaeciae) e a posibilidade de consultalo on line, non é previsible por agora a posta en rede do TMILL. Mais as facilidades que reporta contar con tantos documentos latinos homologados na súa etiquetación aos do *TMILG* fan imprescindible continuar arrequentando as súas bases textuais. Sen eles non sería posible avanzar, como se está a facer, nos traballos propios de carácter onomástico (nestes momentos só toponímico) e de sociolingüística histórica (emerxencia do romance fronte ao latín e posterior decadencia do galego fronte ao castelán). Codificáronse e preparáronse os documentos ou fragmentos en latín das 14 novas obras incorporadas ao XELMÍREZ e das 19 convertidas ao formato XML (véxase *TMILG*).

## d) Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Portuguesa (TMILP)

IP Xavier Varela Barreiro

**MEMBROS DO EQUIPO** Rocío Dourado Fernández | Lucía Doval Iglesias | Paulo Martínez Lema | Eduardo Moscoso Mato | Iria Pérez Mariño | Ricardo Pichel Gotérrez | Iago Santiso Fernández

**FINANCIAMENTO** Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística

**CONVENIO EN COOPERACIÓN** Membros da Academia das Ciéncias de Lisboa / Centro de Linguística da Universidade Nova de Lisboa

Xa nos inicios, a comezos dos anos 90, estableceuse o obxectivo de construír un corpus que comprendese textos ao norte e ao sur do río Miño e da franxa occidental de Asturias, León e Zamora. En diferentes momentos, como resposta a necesidades concretas dos traballos do equipo na altura, fóronse informatizando e etiquetando obras do Portugal medieval de tipoloxía variada. Na actualidade son máis de 100 as obras que, en diferente fase de preparación, están ao dispor do equipo. Algunhas das máis significativas son: Livros de Linhagens, Tempos dos preitos, Livro dos bens de dom João de Portel, Crónica Geral de 1344, Livro de Joseph de Arimateia, Arte de bem cavalgar toda sela, Demanda do Santo Graal, Foros de Castelo Rodrigo, Foro Real, Primeira Partida, Livro das aves, Cancioneiro Geral de Garcia de Resende, Documentos de Clarinda Maia, Documentos de Ana Maria Martins, etc.

A codificación empregada é a mesma do *TMILG* e a súa posta en rede está prevista a medio prazo.

Durante o ano 2009 incorporáronse dúas obras con dumentación latina e romance:

- Livro verde da Universiade de Coimbra (ed. de Maria Teresa Nobre Veloso e Manuel Augusto Rodrigues).
- Pergaminhos do Instituto de Paleografia (Sécs. XII-XVIII) (ed. de Maria José de Azevedo Santos e Maria Teresa Nobre Veloso).

Continúa aberta a colaboración co equipo dos Profesores João Malaca Casteleiro (Academia das Ciéncias de Lisboa) e Maria Francisca Xavier (Centro de Linguística da Universidade Nova de Lisboa), que dará lugar ao desexable e esperado corpus medieval conxunto galego-portugués. A colaboración ampliarase no futuro á elaboración do *Dicionario medieval galego-portugués*, botado xa andar polo equipo lisboeta co seu *Dicionário do Português Medieval* e que deberá ser redefinido no futuro para axeitálo ao novo horizonte.

## e) Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Latina – Portugal (TMILL-P)

IP Xavier Varela Barreiro

**MEMBROS DO EQUIPO** Xosé Luís Couceiro Pérez | Rocío Dourado Fernández | Lucía Doval Iglesias | Paulo Martínez Lema | Iria Pérez Mariño | Ricardo Pichel Gotérrez | Iago Santiso Fernández | Xaime Varela Sieiro (IES Chano Piñeiro, Forcarei)

**FINANCIAMENTO** Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística

En paralelo co TMILL-G, estanse reunindo e codificando as obras do legado portugués medieval en latín. Durante o ano 2009 incluíronse formas latinas das seguintes obras:

- Livro verde da Universiade de Coimbra (ed. de Maria Teresa Nobre Veloso e Manuel Augusto Rodrigues).
- Pergaminhos do Instituto de Paleografía (Sécs. XII-XVIII) (ed. de Maria José de Azevedo Santos e Maria Teresa Nobre Veloso).

## 6. Sección de lexicografía

### 6.1. DICCIONARIO DE DICCIONARIOS (NOVA VERSIÓN)

IP	Antón Santamarina
FINANCIAMENTO	Sen financiamento externo específico
PÁXINA WEB	<a href="http://sli.uvigo.es/DdD/">http://sli.uvigo.es/DdD/</a>



O *Diccionario de diccionarios* (DD) é un multidiccionario que recolle un conxunto de obras lexicográficas modernas que constitúen a fonte principal da lexicografía galega actual. Na terceira edición da obra, última dada ao público, recóllese a información contida en 40 obras lexicográficas publicadas e inéditas elaboradas entre 1745 e 1992 (*Diccionario de diccionarios*. V.3 [CD], ed. A. Santamarina, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2003). A aplicación informática permite facer buscas segundo distintos criterios nos textos das obras incluídas: busca por lema, busca de sinónimos, busca de referencias en galego ou en castelán dentro dos artigos, buscas por palabras afíns, buscas por localidade en que se aboaron as palabras, buscas por autores que citan a voz e buscas de voces en refráns, poemas e exemplos. O *Diccionario de diccionarios* é unha obra insubstituíble para seguir a historia da lexicografía moderna galega e tamén unha ferramenta

indispensable para comprender a historia lingüística do idioma.

Desde a terceira versión, dada a luz na colección Biblioteca Filolóxica Galega, o *Diccionario de Dicionarios* non deixou de arrequeñarse con novos textos. Na actualidade reúne 70 textos de 27 autores diferentes. No ano 2009, foron engadidos os seguintes:

- Luís Aguirre del Río, *Diccionario del dialecto gallego* (1858), ed. de Carme Hermida Gulías, CSIC-IPS, 2007
- Anónimo, “Vozes gallegas (1845c)”, ed. de J. Leite de Vasconcellos, *RL* vol VII fasc 3, p. 198-229 (ms 7208 BN)

- Anónimo, “Dialecto de Galicia (1833c)”, ed. de J. L. Pensado, *Homaxe a R. Otero Pedrayo*, Galaxia, Vigo, 1958, pp. 275-286 (ms 11-5-1/947-1 BAH)
- Bernardo Vicente Payzal, *Vocabulario gallego-castellano (1800c)*, edición de Damián Suárez sobre o ms da RAG.
- Martín Sarmiento, *Obra de 660 pliegos (d1762)* [t XIII XIV XV das OC col. Medina Sidonia], d1762.

Na actualidade prepárase unha versión ampliada do *Dicionario de dicionarios*, no marco de RILG (vid. infra). Está aínda en fase experimental, pero pódese acceder no sitio provisional <http://sli.uvigo.es/DdD/>.

## 6.2. DICCIONARIO DE DICCIONARIOS DO GALEGO MEDIEVAL (VERSIÓN 2.0)

IP Ernesto Xosé González Seoane

MEMBROS María Álvarez de la Granja | Raquel Rodríguez Parada (IES Xunqueira, Pontevedra) |  
DO EQUIPO Damián Suárez Vázquez (IES Fontiñas, Santiago)

FINANCIAMENTO Véxase RILG

O proxecto forma parte da serie de dicionarios de dicionarios do ILG, un formato que permite a consulta conxunta dunha serie de glosarios e obras lexicográficas de distinto alcance. Continúa unha iniciativa posta en marcha xa en 2001, que produciu ata agora, como resultado máis destacable, a edición en 2006 da versión 1.0 do *Dicionario de dicionarios do galego medieval*.

A versión 2.0, na que o equipo investigador vén traballando xa desde antes a publicación da primeira, persegue un triple obxectivo: (a) ampliar o corpus de textos compilados na primeira versión; (b) potenciar as ferramentas de procura no corpus e engadir outras que permitan un maior aproveitamento da información contida nos textos, e (c) integrar o DDGM na plataforma RILG, que permitirá a consulta simultánea dos diversos corpora textuais e lexicográficos do Instituto da Lingua Galega e do Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo.

Polo que se refire ao proceso de ampliación do corpus, está rematado o proceso de etiquetaxe das obras que serán incorporadas na nova versión do DDGM. Complementariamente, con vistas á unificación de todo o proxecto e á integración en RILG, cumpriu aplicar aos textos da primeira edición o novo etiquetario deseñado para a segunda. Finalmente, o equipo de traballo proseguiu coa elaboración dun lemario unificado para o galego medieval, que será o que sirva de principal punto de arranque para as procuras da versión 2.0 do DDGM, así como coa vinculación deste lemario medieval co do galego moderno, o que posibilitará a realización de procuras conxuntas no DDGM e noutros recursos electrónicos como o TILG, o TMLG, ou o *Dicionario de dicionarios* moderno.

Seguen recibíndose recensións e noticias da boa recepción da primeira versión do DDGM en foros especializados: Annette Endruschat, rec. de Ernesto González Seoane / María Álvarez de la Granja / Ana Isabel Boullón Agrelo: *Dicionario de dicionarios do galego medieval*, en *Lusorama* 75-76 (2008), 197-200. Ademais, en 2009, o IP foi convidado a presentalo no *44th International Congress on Medieval Studies* (Western Michigan University, Kalamazoo MI, 7-10 maio de 2009).





### 6.3. DICCIONARIO DE DICCIONARIOS: XERGAS

IP Antón Santamarina

FINANCIAMENTO Sen financiamento externo específico

PÁXINA WEB <http://sli.uvigo.es/xirias/>

Este proxecto está vinculado ao *Diccionario de diccionarios* e supón a elaboración dun multidiccionario electrónico que permita consultar, asemade, de xeito áxil os distintos glosarios e vocabularios de xergas galegas. Están incorporadas 18 obras de 15 autores diferentes. A maior parte foron publicadas desde mediados do século XIX á actualidade, como monografías ou como apéndice; tamén se inclúen algúns traballos inéditos. A maior parte das obras están etiquetadas e revisadas.

En fase experimental, e no marco do RILG, o *Diccionario de diccionarios xergais* está accesible no sitio provisional <http://sli.uvigo.es/xirias/>.

**Mercedes Pérez Sánchez (): Jerga de los canteros. Memoria de Licenciatura presentada na Universidade de Santiago, Fac. de Filosofía e Letras (inédita)**

piltra sf Cama (Carballedo, Forcarey, Folgoso) (A. García Alén, «Mus. Pont.» t. X p. 151); Cuna (J. Ballesteros, Verbo dos arginas p. 89)

**Nicolás Bezares, crego de Morillas, Campolameiro [ms A e C] e José Sánchez Balsa [ms B] (1843): Latín dos canteiros [de Montes, Cotovad, Moraña y Baños de Cuntis], ms da BN 7209 [lectura de Damián Suárez]**

piltra sf cama. Esta voz es Jermanska. La pone Hidalgo en su Vocab. Manuscrito B 102

**José Casal y Lois e Enrique López de la Ballina (1896): Vocabulario de los canteros de Pontevedra, editado por Alfredo García Alén, El Museo de Pontevedra, X 1956 136-156 1956 136-156 (1956)**

piltra sf Cama (Carballedo, Forcarey, Folgoso)

Primeiros rexistros da busca "piltra" no *Diccionario de diccionarios: xergas*

### 6.4. TILG. TESOURO INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA. BASE DE DATOS LEXICOGRÁFICA PARA UN DICCIONARIO DA LINGUA GALEGA

IP Antón Santamarina

MEMBROS DO EQUIPO Marcos Abalde Covelo | Noelia Estévez Rionegro | Lorena López López | María Luísa Moreda Leirado | César Osorio Peláez | María Vitorro Piñeiro

FINANCIAMENTO Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística

PROXECTO EN COOPERACIÓN Vid. RILG

PÁXINA WEB <http://w3.u-grenoble3.fr/dialecto/AMPER/amper.htm> | <http://perso.limsi.fr/rilliard/amper/index.php>

O *Tesouro informatizado da lingua galega (TILG)* parte dun baleirado de textos do galego moderno desde 1612 ata a actualidade. Ao rematar o ano 2009, están volcadas na base de datos 1716 obras, que dan máis de 11 millóns de rexistros. O corpus está integrado por: (a) textos literarios escritos; (b) textos xornalísticos; (c) textos de carácter técnico e científico; (d) textos de literatura oral; e (e) textos orais sen carácter literario. Durante o ano 2009 incorporouse arredor de 100 novas obras.

Os textos pásanse a formato electrónico, concórdanse, clasifícanse gramaticalmente e lematízanse. O traballo de lematización, que se fai de xeito manual, agrupa as variantes morfolóxicas e gráficas baixo unha



forma común; isto é, o usuario pode buscar como “palabra” variantes do tipo *mulleriña* ou *mulleres*, ou ben como “lema” *MULLER*, onde lle aparecerán reunidas todas as posibles variantes.

Na presentación, cada palabra aparece cos seus contextos á dereita e esquerda (e a posibilidade de ampliálos), a categoría gramatical e o lema, ademais da datación e a referencia bibliográfica (autor e obra). O usuario dispón dun rico sistema de buscas con amplas posibilidades.



Mostra da primeira páxina co resultado da busca do lema *MAZAROCA*.

## 6.5. RILG. RECURSOS INTEGRADOS PARA O DESENVOLVEMENTO DE TECNOLOXÍAS DA LINGUA GALEGA

RILG (Recursos Integrados para o desenvolvemento de tecnoloxías da Lingua Galega) é o resultado dunha estreita e frutífera cooperación entre o ILG e o SLI da Universidade de Vigo.

O proxecto está encamiñado a ofrecer un portal web de servizos lingüísticos do galego desde o que se poida acceder de xeito conxunto aos bancos textuais e aos dicionarios desenvolvidos polo Seminario de Lingüística Informatizada e o Observatorio de Neoloxía da Universidade de Vigo e polo Instituto da Lingua Galega. Os recursos que se pretende integrar neste servizo inclúen o *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (TILG), o *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (TMILG), o *Corpus CLUVI*, o *Corpus Técnico do Galego* (CTG), a nova versión do *Dicionario de Dicionarios* (DD), a nova versión do *Dicionario de Dicionarios do Galego Medieval* (DDGM), o *Dicionario de dicionarios: xergas*, o *Dicionario CLUVI Inglés-Galego* (CLIG), o *Banco de Datos Terminolóxico TUVI* e a *Neoloteca da Universidade de Vigo*.

Recursos integrados para el desarrollo de tecnologías de la lengua gallega (RILG): desarrollo e integración de los recursos de ingeniería lingüística del Instituto da Lingua Galega (subproyecto)

## a) Desenvolvemento e integración dos recursos de enxeñería lingüística do Instituto da Lingua Galega

IP	Antón Santamarina Fernández
MEMBROS DO EQUIPO (ILG)	Xavier Varela Barreiro   Ernesto González Seoane   Francisco Fernandez Rei   María Álvarez de la Granja   Carme Hermida Gulías   Ramón Mariño Paz   Eduardo Moscoso Mato
FINANCIAMENTO	Ministerio de Educación y Ciencia, Plan Nacional de I+D+I, 2006-2009 (HUM2006-11125-C02-01/FILO)
PROXECTO EN COOPERACIÓN	ILG / Seminario de Lingüística Informática da UVigo
PÁXINA WEB	<a href="http://webs.uvigo.es/sli/recursos.html">http://webs.uvigo.es/sli/recursos.html</a>   <a href="http://sli.uvigo.es/TILG/index.html">http://sli.uvigo.es/TILG/index.html</a>   <a href="http://sli.uvigo.es/ddd/">http://sli.uvigo.es/ddd/</a>   <a href="http://sli.uvigo.es/xirias/">http://sli.uvigo.es/xirias/</a>

Neste proxecto coordinado, corresponde ao equipo do ILG a integración no repositorio lexicográfico RILG (<http://webs.uvigo.es/sli/recursos.html>) dos seguintes resultados propios:

- O *Diccionario de diccionarios da lingua galega* (moderna *DdD*).
- O *Diccionario de diccionarios da lingua galega medieval* (*DDGM*).
- O *Tesouro informatizado da lingua galega* (*TILG*).
- O *Tesouro informatizado da lingua galega medieval* (*TMILG*).
- O *Diccionario de diccionarios: xergas* (este feito só para este proxecto).

Todos estes recursos funcionaban, e aínda funcionan, de maneira independente: o *DdD* e o *DDGM* en versión en CD-Rom; o *TILG* como base de datos en liña (<http://www.ti.usc.es/TILG/>) e o *TMILG* tamén en liña (<http://ilg.usc.es/TMILG/>). Son ferramentas de consulta, polo que datos extraídos de calquera destas obras aparecen en múltiples publicacións; unha consulta en Google de «tesouro informatizado da lingua galega» dá 3.070.000 resultados.

A parte referida ao ILG neste caso foi proporcionar os *Diccionarios* debidamente etiquetados en XML para seren integrables no RILG. O *TILG* funcionaba como unha base de datos (tipo Access) na que cada palabra tiña a súa “forma”, “lema” e “categoría gramatical” cos “contextos” 1 e 2; agora está sendo reetiquetada en formato XML (cada palabra leva á dereita unha etiqueta coa información gramatical e léxica). O mesmo ocorre co *TMILG*, pero con algunha información de menos.

No sitio provisional indicado máis arriba pódense consultar en frase de proba o *DdD*, o diccionario de xergas e unha versión reetiquetada do *TILG* (ata agora parcial, unha cuarta parte aproximadamente). O traballo do 2009 corresponde á última anualidade e consistiu basicamente en incorporar textos revisados.





## b) Desenvolvemento e explotación de recursos integrados da lingua galega: contributo do Instituto da Lingua Galega

IP Antón Santamarina Fernández

**MEMBROS DO EQUIPO** María Álvarez de la Granja | Rocío Dourado Fernández | Francisco Fernandez Rei | Ernesto González Seoane | Carme Hermida Gulías | Ramón Mariño Paz | Paulo Martínez Lema | Eduardo Moscoso Mato | Ricardo Pichel Gotérrez | Damián Suárez Vázquez | Xavier Varela Barreiro

**FINANCIAMENTO** Consellería de Innovación e Industria, Xunta de Galicia, Programa de promoción xeral de investigación do Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica (Incite), 2008-2011 (ref. INCITE08PXIB302185PR)

**PÁXINA WEB** <http://webs.uvigo.es/sli/recursos.html> | <http://sli.uvigo.es/TILG/index.html> | <http://sli.uvigo.es/ddd/> | <http://sli.uvigo.es/xirias/>

Este proxecto coincide na finalidade con “Deseño e implementación dun servidor de recursos integrados para o desenvolvemento de tecnoloxías da lingua galega (RILG)”. Solicitouse unha achega complementaria de medios para desenvolvelo. Os textos do *TILG* son reetiquetados, revisados e incorporados ao RILG. Na actualidade, con traballo realizado no 2009, está incorporada aproximadamente unha cuarta parte dos textos do *TILG*.



# 7. Sección de onomástica

## 7.1. BASES DE DATOS ONOMÁSTICOS

IP	Ana I. Boullon Agrelo
MEMBROS DO EQUIPO	Miguel Mosquera Fociños
FINANCIAMENTO	Sen financiamento externo

Durante o ano 2009 na Sección de Onomástica seguíronse actualizando as bases de datos que alimentan a realización de diversos proxectos, e de forma máis directa os de *Diccionario dos apelidos galegos*, *Estandarización dos nomes e apelidos* e *PatRom*. Traballouse fundamentalmente en dúas direccións, antroponimia e toponimia.

### a) Antroponimia histórica

Esta base de datos contén varias relacionadas: a antroponimia medieval, a dos séculos XVI-XVIII, a dos Catastros de Ensenada (s. XVIII), a de censos do séc. XX (INE ano 2001) e a de alcumes modernos. O labor realizado durante o ano 2009 concrétase nos seguintes avances:

- Proseguiu a introdución de datos antroponímicos medievais procedentes de fontes documentais editadas con criterios filolóxicos e de xeito rigoroso. No ano 2009 expurgáronse cinco obras editadas entre 2007 e 2009, ademais dunha transcrición aínda inédita; en total, introducíronse 758 novos rexistros.
- Continuouse coa introdución de datos antroponímicos históricos, a partir de xenealoxías e fontes similares. En 2009 baleirouse o *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia* de Vasco de Aponte (séc. XVI), a partir da edición crítica de Manuel Díaz y Díaz. Achega 363 rexistros.
- O labor de 2009 complétase coa introdución de datos antroponímicos do Catastro de Ensenada. Son 709 novos rexistros, a partir de Blanco, Pilar / M<sup>a</sup> Xesús García (2007): *Ferrol e A Graña en 1752. O catastro do Marqués de Ensenada*. Ferrol: Edicións Embora.

## b) Toponimia: estudos toponímicos

O proxecto consiste na elaboración dunha base de datos que inclúe a relación dos topónimos estudados polo investigadores máis relevantes. Por un lado, tivéronse en conta os repertorios de antropónimos latinos, pois moitos deles deron lugar a un gran número de topónimos de posesores (Kajanto, Solin / Salomies). Por outro lado, investigadores específicos de onomástica prerromana (Bascuas, Moralejo) e xermánica (Piel / Kremer). E, por último, estudos etimolóxicos que parten do topónimo actual (Piel, Ares, Navaza, Rivas, Marques). Consideramos que esta é unha ferramenta moi útil para o estudo da toponimia. Actualmente a base de datos conta con 57.945 rexistros.


A base de datos contén as formas estudadas e a información bibliográfica correspondente (autor, publicación). Nunha segunda fase, amais de aumenta-las entradas da base de datos, considerárase a posibilidade de incluír os textos completos e pór todo o material en liña.

## 7.2. CARTOGRAFÍA DOS APELIDOS DE GALICIA

IP	Ana I. Boullon Agrelo   Xulio C. Sousa Fernández
MEMBROS DO EQUIPO	Miguel Mosquera Fociños   Ana Isabel Suárez Moreno
FINANCIAMENTO	Real Academia Galega   Instituto da Lingua Galega
PÁXINA WEB	<a href="http://servergis.cesga.es/website/apellidos/viewer.asp">http://servergis.cesga.es/website/apellidos/viewer.asp</a>

A aplicación da representación da distribución dos apelidos nos concellos galegos (CAG) leva funcionando desde o ano 2006 como unha das páxinas de resultados de proxectos de investigación do ILG máis consultadas. Durante os anos que leva funcionando esta aplicación detectáronse algúns problemas na xestión da información e na presentación da cartografía que levaron o equipo responsable a emprender o desenvolvemento dunha nova versión. Desde os comezos do ano 2008, en colaboración co Departamento de Electrónica e Computación da Escola Técnica Superior de Enxeñería, iniciáronse os traballos para o deseño dunha nova aplicación que mellorará o funcionamento da versión actual. Esta nova aplicación ofrecerá máis información sobre cada cadea onomástica e ademais permitirá imprimir e salvar os datos consultados.

A mediados de 2010 presentárase a nova versión da CAG.



Prototipo do deseño da nova aplicación CAG

### 7.3. DICCIONARIO DOS APELIDOS GALEGOS

IP	Ana I. Boullón Agrelo
MEMBROS DO EQUIPO	Gonzalo Navaza Blanco (UVigo)   Antón Palacio Sánchez (UVigo)   Luz Méndez (TVG)
FINANCIAMENTO	Sen financiamento externo específico

O *Diccionario dos apelidos* terá entre 15.000 e 20.000 entradas (contando os lemas principais e os secundarios), ordenadas alfabeticamente e seleccionadas por orde de frecuencia. Os datos parten do Censo proporcionado polo Instituto Nacional de Estadística (Madrid) correspondentes ao ano 2001. Os lemas escóllense entre as variantes existentes a partir da súa forma estandarizada. Cada entrada inclúe o número de ocorrencias de cada forma, información etimolóxica, documentación histórica (a datación máis antiga que se coñece), e, nos casos que proceda, datos sobre a difusión actual e a relación co topónimo correspondente. Durante o ano 2009 continuouse coa redacción de entradas.

### 7.4. DICTIONNAIRE HISTORIQUE DE L'ANTHROPONYMIE ROMANE (PATROM)

INVESTIGADORES (COMITÉ GALEGO)	Ana I. Boullón Agrelo   Ramón Lorenzo
FINANCIAMENTO	DGCYT (MEC, Madrid) entre 1990 e 1996. Actualmente sen financiamento externo específico
PROXECTO EN COOPERACIÓN	18 universidades ou centros de investigación europeos

O *Dictionnaire historique de l'anthroponymie romane* é un diccionario etimolóxico, histórico e comparativo da antroponimia románica de orixe léxica. Estuda o proceso de antroponimización de lexemas romances que conduciu á formación de boa parte dos apelidos modernos. É, por tanto, un diccionario de antroponimia, pero inserto na lingüística románica e circunscrito ao ámbito dos dominios lingüísticos romances. Atende ao eixe diacrónico (desde o latín ás correspondentes solucións romances actuais) e diatópico (inclúe as variedades romances). Para isto aplica unha metodoloxía específica elaborada con este fin. O resultado será un diccionario panrománico que terá en conta apelidos procedentes do léxico común e que sexan produtivos en alomenos dous grandes dominios lingüísticos romances.

Os centros vinculados ao colectivo PatRom son as universidades de Tréveris, Lisboa, Oviéu, Santander, Complutense de Madrid, Sevilla, Vitoria/Gasteiz, Zaragoza, València, Palma de Mallorca, Louvain-la-Neuv, Udine, Pisa, Bari, amais doutros centros de investigación como o Institut d'Estudis Catalans (Barcelona), o Institut National de la Langue Française (Nancy) e a Academia Româna (Bucarest).

A sección de onomástica do ILG é a encargada de proporcionar os datos correspondentes ao dominio lingüístico galego desde o comezo do proxecto (1990), ben sexan onomásticos ou bibliográficos. O comité galego está formado por Ana I. Boullón Agrelo (síntese e documentación galega) e Ramón Lorenzo (consultor).

En 2009 seguíronse enviando os materiais solicitados. A última publicación derivada é A. M<sup>a</sup> Cano/ Jean Germain / D. Kremer (eds.): *Dictionnaire historique de l'anthroponymie romane Patronymica Romanica (PatRom), vol. I.1 Introductions. Cahier des normes rédactionnelles. Morphologie. Bibliographies*. Tübingen: Max Niemeyer Verlag, 2007. ISBN: 978-3-484-50701-2. Rec.: *RIO*n 13 (2007), 2, 634-5.

Hai información dispoñible en rede en <http://patrom.fltr.ucl.ac.be/> e mais en [http://ca.wikipedia.org/wiki/Projecte\\_Patronymica\\_Romanica](http://ca.wikipedia.org/wiki/Projecte_Patronymica_Romanica)



## 7.5. INVENTARIO TOPONÍMICO DA GALICIA MEDIEVAL


IP	Xavier Varela Barreiro
MEMBROS +DO EQUIPO	Rocío Dourado Fernández   Lucía Doval Iglesias   Paulo Martínez Lema   César Osorio Peláez   Iria Pérez Mariño   Carlos Vázquez García (SXPL, Xuntad e Galicia)
FINANCIAMENTO	Sen financiamento externo
PÁXINA WEB	<a href="http://ilg.usc.es/ITGM">http://ilg.usc.es/ITGM</a>

A posta en marcha deste proxecto data de finais do ano 2005. Durante os anos 2006 e 2007 realizáronse traballos de construción dunha base de datos á que importar e na que codificar os topónimos presentes no corpus Xelmírez. No modelo de ficha recóllese a seguinte información:

- Contexto na obra.
- Datos da obra (acrónimo, nome estandarizado, volume, capítulo e páxina).
- Datos cronolóxicos (século e ano).
- Datos xeográficos (medievais: lugar correspondente ao autor; contemporáneos: lugar, concello, comarca, provincia, freguesía, arceprelado e diocese; coordenadas xeográficas, cando é posible).
- Datos glotolóxicos (lingua do documento, lingua do topónimo, etc.).
- Datos morfolóxicos (lema medieval en romance e latín, lema moderno, etc.).
- Datos tipolóxicos (tipoloxía referencial da unidade ou cadea toponímica).
- Argumentación na identificación xeográfica dos topónimos.

Os primeiros contidos do Inventario sumaban arredor de 20.000 fichas, resultantes da marcaxe, etiquetación e identificación de topónimos de dúas áreas xeográficas: as comarcas occidentais da terra de Compostela (TIT de Paulo Martínez Lema: *Inventario Toponómico do Tombo de Toxos Outos* [2007]) e as terras da diocese mindoniense (TIT de Rocío Dorado Fernández: *Contribución a un inventario toponómico dos documentos do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*). Na actualidade séguese coa incorporación de novos rexistros toponímicos, tirados doutras coleccións documentais. A estes rexistros hai que sumar outros 12.000 do ano 2009. Está realizada a marcaxe e procesamento da documentación da catedral de Lugo da primeira metade do século XIV (TIT de Carlos Vázquez García: *A toponimia dos documentos medievais da catdral de Lugo: séc. XIV (1300-1350)*). En estado avanzado están os documentos galegos das décadas das orixes (TIT de Iria Pérez Mariño, sobre a edición de J.A. Souto Cabo) e un período da documentación do mosteiro de Oseira (TIT de Lucía Doval Iglesias, sobre a edición de M. Romaní).

Durante o a ano 2009 realizáronse as seguintes actividades: (a) marcaxe toponímica e baleirado na base de datos de tres coleccións documentais; (b) mantemento en Internet do portal do ITGM, na páxina do Instituto da Lingua Galega; (c) presentación do TIT dun dos investigadores en formación (Carlos Vázquez García); (d) tres presentacións en congresos e reunións científicas, realizads por investigadores en formación; (e) dous artigos en revistas científicas e un capítulo de libro.



## 7.6. PORTAL DE XENTILICIOS E ALCUMES GALEGOS

IP	Xosé Afonso Álvarez Pérez
MEMBROS DO EQUIPO	César Osorio Peláez   David Rodríguez Lorenzo   Damián Suárez Vázquez
FINANCIAMENTO	Sen financiamento externo específico
PROXECTO EN COOPERACIÓN	Convenio coa Fundación Camilo José Cela

O material de partida deste portal son as case 2000 respostas a un cuestionario elaborado por Camilo José Cela e enviado ás administracións postais de Galicia nos anos setenta, co obxectivo de recoller en Galicia datos destinados á elaboración dun *Diccionario geográfico popular de España*. Os fondos están depositados na Fundación Camilo José Cela; en 2008 foi asinado un convenio de cooperación entre a USC (a través do ILG) e a FCJC, para a realización deste proxecto.

O obxectivo é poñer ao dispor de investigadores e público en xeral un portal na Internet que conteña información sobre xentilicios de localidades galegas, alcumes dos seus habitantes e mais refráns ou cántigas que se refiren a entidades poboacionais do ámbito lingüístico galego. O material nuclear achegado polo fondo Cela, ampliárase posteriormente con material proveniente doutras fontes e abrírase a posibilidade de que os usuarios envíen achegas, que serán revisadas e, chegado o caso, incorporadas á base de datos. En 2009 realizouse a revisión da adscrición xeográfica das 1779 fichas que compoñen o material dixitalizado en formato pdf durante o ano 2008; desas fichas, só 1316 conteñen información relevante para o proxecto, pois as outras están en branco ou non responden ao cuestionario elaborado por Camilo José Cela.

Fíxose a ranscrición completa de 153 fichas; xa que a lectura dalgunha das fichas é dificultosa, e para permitir tamén a consulta áxil deste material, todas as fichas son transcritas, para a súa posterior disposición en formato *html* na base de datos. Completouse o tratamento da información recollida nesas 153 fichas. Cada un dos itens incluídos nas fichas é categorizado (en catro grupos principais: xentilicio, alcume, refrán, cantiga), regularizado e adscrito xeograficamente tanto á localidade en que foi recollido como á localidade a que fai referencia. Este proceso xerou 472 entradas na base de datos, que posteriormente foron revisadas unha a unha para detectar erros e garantir a homoxeneidade no traballo co material.

Examinouse o material adicional que acompaña as fichas e que inclúe a correspondencia entre Camilo José Cela e os carteiros, ou algúns intelectuais galegos do momento.

Tamén se fixo o deseño do portal web que permitirá a consulta en rede dos datos xerados polo proxecto e as primeiras probas desta ferramenta, coa intención de ofrecer unha utilidade áxil na recuperación do material.



# 8. Sección de sociolingüística

## 8.1. SOCIOLINGÜÍSTICA GALEGA

IP	Xosé Henrique Monteagudo Romero
MEMBROS DO EQUIPO	Serafín Alonso Pintos (IES Abrente, Ribadavia)   Beatriz García Turnes (SXPL, Xunta de Galicia)   Susana Guitar Novo   Anik Nandi   Paulo Sánchez Vidal (IES Xinzo de Limia)   María Dolores Villanueva Gesteira
FINANCIAMENTO	Convenio co Consello da Cultura Galega

O proxecto *Sociolingüística Galega* ten como obxectivo estudar a relación entre a lingua e a sociedade galegas dende dous enfoques diferenciados dos que se ocuparán un equipo de traballo formado nesta disciplina. Unha das liñas de investigación en que centra os seus esforzos é a Sociolingüística da linguaxe, especialmente en aspectos tales como a codificación normativa. Unha das áreas prioritarias de traballo é a reconstrución e análise do proceso de normalización do corpus do galego, con especial atención á codificación normativa e aos debates a que esta deu lugar. O estudo en profundidade dos debates sobre a norma do galego dende a segunda metade do século XX ata a actualidade ocupa boa parte do traballo de investigación do grupo.

O outro ámbito de estudo que se inclúe no proxecto é a Socioloxía da linguaxe, en concreto a análise dos parámetros sociais de distribución desigual do galego e castelán nas principais variables sociolingüísticas (lingua inicial, competencia lingüística e usos), as ideoloxías lingüísticas nunha situación de contacto / conflito como a galega e tamén outros aspectos relacionados como a glotopolítica ou a análise do discurso. Así, neste ano emprenderase o traballo de explotación dos datos sobre coñecemento e uso do galego, da enquisa do Instituto Galego de Estatística-2008. O seu cotexo cos datos obtidos en anos anteriores dá unha imaxe moi aproximada da evolución sociolingüística de Galicia e as súas conclusións son fundamentais para realizar diagnósticos e trazar as novas políticas lingüísticas, alertar sobre puntos febles das mesmas e adiantar previsións de futuro. A análise comparada das políticas lingüísticas é outra liña que está aberta no equipo de investigación, especialmente, a través dun estudo sociolingüístico que pretende cotexar as realidades lingüísticas de España e da India, en concreto o impacto que as políticas lingüísticas

teñen sobre as linguas minorizadas. No ámbito da sociolingüística galega tamén se está a traballar sobre “A situación do galego nos medios de comunicación”.

Finalmente, o equipo traballa na Historia social da lingua galega na segunda metade do século XX. Neste terreo, o traballo de investigación céntrase na situación da lingua e da cultura galegas durante o franquismo, situación social e discursos dende o galeguismo. Para este fin estase a recoller toda a documentación inédita depositada na Fundación Penzol e na Biblioteca Francisco Fernández del Riego. A consulta dos epistolarios de Ramón Piñeiro, Francisco Fernández del Riego ou Ramón Otero Pedrayo é fundamental na reconstrución da época. Ao mesmo tempo son do noso interese os contactos dos galeguistas co exilio, a documentación interna que manexaban, as propostas de introducir o galego no ensino e noutros ámbitos de prestixio, a reorganización política na clandestinidade, a galeguización da RAG, a iniciativa de fundar a editorial Galaxia e todos os aspectos que serviron para reconstruír a identidade do país e a dignificación da lingua propia. A investigación apóiase na serie de entrevistas realizadas a don Francisco Fernández del Riego, protagonista deste período histórico que pode botar luz sobre moitos aspectos escuros para os investigadores e debullar moitas das claves da época.

# Organización de cursos, conferencias e encontros científicos

## a. Simposios ILG

Simposio *Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade contemporánea* (Santiago de Compostela, 3-11 de novembro de 2009), organizado polo Instituto da Lingua Galega e o Consello da Cultura Galega  
Comité organizador: Ramón Mariño Paz, Rosa Aneiros Díaz, Xosé López García, Ricardo Pichel Gotérrez, Damián Suárez Vázquez

No mes de setembro do ano 2008 publicouse o libro titulado *Papés d'emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846 (I)* (Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega), que era o resultado dun traballo colectivo iniciado anos atrás co obxectivo de

reunir a produción escrita en lingua galega durante as primeiras décadas do século XIX que se deu conservado ata hoxe e que na actualidade se coñece. Desde os inicios da dita investigación pensouse que o volume en que se recollen todos estes textos rexistrados e editados debería acompañarse doutro máis en que se analizase aquela actividade xornalística e literaria desde os campos científicos da historia, das ciencias da comunicación e da filoloxía. Queríase, deste xeito, ofrecer á sociedade galega un produto nacido da colaboración interdisciplinaria que presentase datos e conclusións de interese a propósito da historia política, social, cultural, literaria, xornalística e lingüística da Galicia das primeiras décadas do século XIX. O simposio *Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade Contemporánea* (Santiago de Compostela, 3-11 de novembro de 2009) serviu para presentar publicamente unha boa parte dos traballos que van conformar o volume de estudos anteriormente mencionado. O intercambio de ideas entre os distintos conferenciantes e entre estes e os asistentes ás xornadas permitiu afinar os xuízos dos relatores e arrefrentalos cos coñecementos e as reflexións doutras persoas. Polo tanto, as contribucións que finalmente se integrarán no libro proxectado serán o resultado do enriquecemento que os textos inicialmente preparados polos distintos investigadores convidados a participar experimentaron grazas ao intercambio de ideas que se produciu durante o simposio.



Os temas das conferencias pronunciadas supuxeron unha aproximación aos textos de *Papés d'emprenta condenada* desde catro grandes puntos de vista. En primeiro lugar, contouse coa participación dun destacado investigador do ámbito da historia contemporánea de Galicia (Xosé Ramón Barreiro Fernández), que disertou sobre o final do Antigo Réxime na nosa terra e sobre os debates políticos e ideolóxicos que daquela comezaban a producirse. Desde o eido das ciencias da comunicación, falouse sobre os inicios das prensa vasca (Javier Díaz Noci) e catalá (Jaume Guillaumet) na época sometida a análise e, seguidamente, estudouse o caso da primeira prensa galega nas seguintes tres conferencias, pronunciadas por investigadores da Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega e da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela: “Da sociedade tradicional á sociedade escrita: prensa, literatura oral e literatura escrita na Galicia dos inicios do século XIX” (Víctor F. Freixanes), “A sociedade galega dos inicios do século XIX como receptora de información” (Xosé Ramón Pousa) e “Caracterización textual dos modelos discursivos. Temáticas” (Rosa Aneiros e Xosé López). Do punto de vista da historia literaria, o profesor Anxo Tarrío avaliou a significación dos primeiros pasos da literatura galega moderna, con particular atención á obra de Nicomedes Pastor Díaz. Finalmente, desde o campo da lingüística, estudáronse os trazos máis salientables do galego escrito da época, examinouse a lingua de autores e obras concretos e analizáronse os vocabularios e outras obras lingüísticas menores que se produciron naquela época. Estas contribucións de tema lingüístico correron a cargo de investigadores do ILG: Henrique Monteagudo, Rosario Álvarez, Ernesto González Seoane, Carme Hermida, Ramón Mariño e Damián Suárez. A segunda xornada de traballo (4 de novembro de 2009) completouse cunha sesión non prevista inicialmente na que se presentaron varios textos en galego de principios do século XIX, tanto impresos coma manuscritos, que ata o de agora eran xeralmente descoñecidos. Todos eles serán publicados no volume de estudos en que se integrarán os traballos presentados neste simposio do ILG do ano 2009.

Tres foron as sedes en que se celebrou este encontro científico, financiado polo Consello da Cultura Galega e o Instituto da Lingua Galega coa subvención da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia: o Consello da Cultura Galega (días 3 e 3 de novembro), a Facultade de Ciencias da Comunicación da USC (día 5) e a Facultade de Filoloxía da USC (días 10 e 11). Todas as sesións contaron cunha nutrida asistencia dos 71 alumnos inscritos no simposio, que en xeral amosaron en diversas conversacións a súa satisfacción polo desenvolvemento do simposio.



## b.

# XXII edición dos *Cursos de lingua e cultura galegas para estranxeiros e españois de fóra de Galicia*

Director: Francisco Fernández Rei  
Secretaría: M<sup>a</sup> Dolores Villanueva Gesteira

Os *Cursos de Lingua e Cultura Galegas para estranxeiros e españois de fóra de Galicia* están coorganizados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega da USC. A XXII edición inaugurouse o 3 de xullo do 2009, nun acto en que interviñeron o Vicerreitor de Profesorado e Organización Académica da USC (Juan Viaño), o Secretario Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia (Anxo Lorenzo Suárez), o Secretario da Real Academia Galega (Manuel González González), a Directora do Instituto da Lingua Galega da USC (Rosario Álvarez) e o Director dos cursos (Francisco Fernández rei). Clausurouse o 30 de xullo, nun acto en que participaron o Reitor da USC (Senén Barro), o Secretario Xeral de Universidades da Xunta de Galicia (José Alberto Díaz de Castro), o Presidente da Real Academia Galega (Xosé Ramón Barreiro), a Directora do Instituto da Lingua Galega da USC e o Director dos cursos.

Participaron 100 estudantes procedentes de Alemaña, Arxentina, Brasil, Reino Unido, República Checa, Chile, Costa Rica, Croacia, Cuba, Eslovenia, España, Estados Unidos, Finlandia, Francia, Grecia, Hungría, Indonesia, Italia, Marrocos, México, Polonia, Porto Rico, Portugal, Romanía, Rusia, Serbia, Ucraína e Venezuela. Segundo o seu nivel de coñecemento da lingua galega dividíronse en dous grupos elementais, dous grupos medios e un Curso superior de Filoloxía Galega.

Na docencia implícanse tanto persoas con dilatada experiencia en convocatorias anteriores coma bolseiros e persoal de apoio á investigación do ILG e membros de Seminarios da RAG. O nivel *Elemental A* (20 estudantes) estivo a cargo de Raquel Alonso Parada (teoría) e Noelia Estévez Rionegro (práctica); *Elemental B* (18 estudantes), a cargo de María Pereira Maceda (teoría) e Xurxo Martínez González (práctica); *Medio A* (23 estudantes), a cargo de Ana Fachal Fraguela (teoría) e Verónica Rúa Garrido (práctica); e *Medio B* (21 estudantes), a cargo de Carme Pazos Balado (teoría) e Rosa Mouzo Villar (práctica). Ademais celebrouse un *Curso Superior de Filoloxía Galega* (18 estudantes), no que se impartiron catro seminarios sobre *Leccións de literatura galega* (Xesús Alonso Montero e Xosé Manuel SALGado), *Historia da lingua*

galega (Carme Hermida), *Problemas de gramática galega* (Xosé Luis Regueira) e *Variación e cambio lingüísticos no galego actual* (Rosario Álvarez).

A docencia complementábase con outras actividades formativas:

- a) Impartíronse doce **conferencias** a cargo de Miguel Anxo Seixas: *Un paseo por unha terra e un tempo*; Henrique Monteagudo: *Situación e evolución sociolingüística en Galicia*; Xesús Alonso Montero: *Sobre as Cartas de republicanos galegos condenados a morte (1936-1948)*; Xosé Ramón Barreiro: *Levantamento de 1846 e a evolución do galeguismo*; Mar Llinares: *Mitoloxía popular en Galicia*; Xosé Manuel SALGado: *Compostela na literatura. A presenza da cidade de pedra nos textos de Rosalía, Cabanillas, Otero Pedrayo e Méndez Ferrín cun colofón de Federico García Lorca*; Xosé M<sup>a</sup> Lema Suárez: *Percorrido cultural pola Costa da Morte*; Antón Dobao: *Unha anomalía necesaria: audiovisual en Galicia*; Xosé Manuel Beiras: *A economía galega hoxe*; Xosé Luís Méndez Ferrín: *Función de Madrid como centro de renovación cultural de Galicia no exilio*; Montse Ribera (Grupo Leilía): *Leilía e o canto tradicional*; e Rosa Aneiros: *Escribir, ler, soñar: pero onde vive Dinis agora?*
- b) Realizáronse sete **proxeccións** cinematográficas: filme de Ignacio Vilar: *Pradolongo*; ópera *O arame, ópera nun acto* (texto de Manuel Lourenzo); documental de Víctor Coyote: *Afranio*; documental de Rubén Pardiñas *Fronteiras* (58 min.); filme de Antón Dobao: *O clube da calceta* (90 min.); filme de José Luís Cuerda: *A lingua das bolboretas*; filme de Antón Dobao: *A mariñeira* (90 min.).
- c) Realizáronse tres **excursións** de xornada completa, ás que asistiu a maioría do estudantado, que tiñan como fin coñecer anacos da paisaxe galega coa arte e a cultura popular de cada zona e tamén a gastronomía: a primeira (4 de xullo) foi ao Museo de Víctor Corral de Baamonde (Begonte), Penas de Rodas (Begonte), San Paio de Narla (Friol), Santa Eulalia de Bóveda (Lugo), Pedregal de Irimia (Meira), castro de Viladonga e cidade de Lugo. Fixo de guía en todo o percorrido Felipe Senén (Técnico de Xestión Cultural e Museólogo da Deputación da Coruña. A segunda excursión (11 xullo) foi a Cedeira, Santo André de Teixido e mirador da Garita Herbeira (en plena Capelada); Cariño e Cabo Ortegal. A guía xeral da excursión foi Ana Fachal (profesora do grupo medio A e concelleira de Turismo e Medio Ambiente en Cariño). A terceira excursión (18 xullo) foi a Muros, Carnota (hórreo), Fisterra (porto e faro), Muxía, dolmen de Dombate e castro de Borneiros (Cabana de Bergantiños). A excursión guiouna Xosé María Lema Suárez (Presidente do Seminario de Estudos Comarcais da Costa da Morte), agás en Fisterra onde o guía foi Francisco Manuel López “Alexandre Nerium” (mariñeiro-poeta e guía do museo da pesca do castelo de San Carlos de Fisterra).

Entre as actividades extraacadémicas con carácter voluntario salientan a visita duns 50 estudantes ao Museo do Pobo Galego e Panteón de Galegos Ilustres (2 de xullo), guiados polo Director e Secretaria dos cursos; a asistencia de máis de 50 estudantes ao acto de *Commemoración do 124º Aniversario do Pasamento de Rosalía de Castro* (15 de xullo), celebrado en Padrón na Casa de Rosalía de Castro; a visita duns 60 estudantes á aredación do xornal compostelán *Galicia Hoxe* e aos estudos de Correo TV e Radio Obradoiro (16 de xullo); e 22 de xullo catro estudantes (tres do grupo medio B un do superior) e secretaria dos cursos, participaron na gravación do programa “Máis berberechos”, que a Radio Galega emitiu o 25 de xullo.

## C. Seminarios e cursos formativos

*Xornadas de lingüística computacional aplicada ao estudo da lingua medieval.* Presentación, por Bautista Horcajada (Universidade Complutense de Madrid), do paquete de recursos *BConcord*, do que é autor. Desenvolvéronse os días 14 e 15 de outubro, no sede do Instituto da Lingua Galega. Na primeira das sesións disertou sobre “A lematización e etiquetación automática de textos galegos medievais: posibilidades e perspectivas do *BConcord*”. Na segunda ocupouse da “Edición de textos medievais con apoio informático: funcionalidades do *BConcord*”.

A Dra. Maria Aldina de Bessa Ferreira Rodrigues Marques, profesora da Universidade do Minho, visitou o Instituto da Lingua Galega de la USC, no marco da súa estadía nas Univ. da Coruña e de Santiago de Compostela para participar como profesora visitante no curso interuniversitario de doutoramento Filoloxía Galega. No ILG reuniuse cos investigadores que traballan sobre discurso oral para discutir perspectivas innovadoras no eido da investigación en análise do discurso oral e posibles proxectos de colaboración no futuro próximo.

Visitou o instituto, para establecer contacto con eventuais investigadores interesados en unirse o proxecto, a investigadora Meike Glawe, da Universidade de Bielefeld. Durante a visita, ofreceu unha panorámica sobre a “Variación lingüística no norte de Alemaña” (outubro).

Visita de investigadora Dra. Silvia Figueiredo Brandão, do Departamento de Letras Vernáculas da Universidade Federal de Rio de Janeiro. A Dra. Brandão forma parte do equipo galego do proxecto do *Tesouro* (Galicia) e de *TEDIPOR* (Portugal), e mais é coordinadora da rede brasileira para o proxecto conxunto. Ademais de asistir ás sesións preparatorias da acción en Brasil, impartiu un seminario sobre *Padrões de Concordância no Português do Brasil* (outubro 2009).

Con ocasión da celebración dun encontro científico, no mes de decembro viaxou a Galicia o profesor Carlos Alberto Faraco, da Universidade Federal do Paraná. Visitou o ILG e impartiu un seminario sobre *As caras lingüísticas do Brasil* (decembro 2009).



## ***Estudos de Lingüística Galega, 1***

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela

ISSN: 1889-2566 (papel), 1989-578X (electrónica)

297 páxinas



## ***Perspectivas sobre a oralidade***

Elisa Fernández Rei e Xosé Luís Regueira Fernández (eds.)

Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega/Consello da Cultura Galega, 2008

ISBN 978-84-96530-86-7

350 páxinas



## ***A lexicografía galega moderna: recursos e perspectivas***

Ernesto González Seoane, Antón Santamarina, Xavier Varela Barreiro (eds.)

Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega/Consello da Cultura Galega, 2008

ISBN 978-84-96530-85-0

425 páxinas



## ***A lingüística galega desde alén mar***

Gabriel Rei-Doval (ed.)

Santiago de Compostela: AIEG-ILG-Departamento de Filoloxía Galega, 2009

ISBN 978-84-9887-145-6

439 páxinas



## ***De verbo a verbo. Documentos en galego anteriores a 1260***

Ana Isabel Boullón Agrelo

Henrique Monteagudo Romeo

Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2009

ISBN 978-84-9887-266-8

292 páxinas + anexo fotográfico 100 páxinas



# Biblioteca e catálogo

51

O fondo da biblioteca do ILG está constituído por máis de 12.000 volumes de obras relacionadas coa lingüística, especialmente a galega, aínda que destaca un importante fondo de literatura galega. Durante o ano 2009 recibíronse un total de 512 monografías, a maioría compradas con cargo a proxectos vinculados ao ILG.

Neste ano continuáronse os traballos de catalogación dos fondos antigos e púxose o catálogo da biblioteca na rede, a través da Rede de Bibliotecas de Galicia (<http://ilg.usc.es/ilgas/biblioteca/>).



# A actividade dos investigadores

## 1. Conferencias e comunicacións en congresos, cursos e encontros científicos

52

- Alonso Pintos, Serafín (2009): “Iniasta e o galego dos libros”. Salón de actos do CEIPA Ponte (Ourense), 19 de maio de 2009. Conferencia organizada pola dirección do centro para clausurar a Semana das Letras Galegas.
- Alonso Pintos, Serafín et alii. Curso sobre *Comprensión oral*. Centro de Formación e Recursos (CFR) da Coruña, abril e maio de 2009 [4 sesións de tres horas cada unha, sobre didáctica da lingua oral nas aulas, destinadas a docentes de primaria e secundaria, encadradas nun curso de didáctica da lingua; integran o equipo Begoña Muñoz, María Xesús Sarmiento Macías e Carme Gómez].
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso (2009): “Das terras de Rosalia às terras de Miguel Torga. Distribución xeográfica de léxico referido a plantas en Galicia y el Norte de Portugal”. *6º SIDG Congress* (Maribor [Eslovenia], 14-18 de setembro de 2009).
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso (2009): “Estudo contrastivo de designações galegas e portuguesas no campo semântico da pecuária”. *SLE 2009 Conference: Global Languages, Local Languages* (Lisboa, 9-12 de setembro de 2009).
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso (2009): “Materiais lingüísticos para o estudo da fronteira entre Galiza e Portugal”. 8. *Deutschen Lusitanistentages* (München, 2-6 de setembro de 2009).
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso / João Saramago (2009): “Áreas lexicais em zona de fronteira: um olhar de síntese para a/da raia luso-espanhola na zona da Extremadura”. *Al Límite. 1º Congreso de la SEEPLU* (Cáceres, 5-6 de novembro de 2009).
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso / João Saramago (2009): “Um novo olhar sobre áreas lexicais portuguesas”. *II Simposio Mundial de Estudos de Língua Portuguesa* (Évora, 6-11 de outubro de 2009).
- Álvarez, Rosario (2009): “A variación no galego escrito dos inicios do século XIX”. *Simposios do ILG. Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade contemporánea* (Santiago de Compostela, 3-11 de novembro de 2009), organizado polo Instituto da Lingua Galega e o Consello da Cultura Galega.
- Álvarez, Rosario (2009): “Século XXI: a lingüística galega na encrucillada”. Conferencia plenaria. *IX Congreso Internacional da AIEG. Galicia nos contextos globais: perspectivas para o século XXI*. (Santiago de Compostela / Vigo / A Coruña, 13-17 de xullo de 2009), organizado pola Asociación Internacional de Estudos Galegos.
- Álvarez, Rosario / Xulio C. Sousa Fernández (2009): “Galicia e o galego no contexto peninsular, e a súa conexión co portugués”. Palestra, na Universidade Federal do Pará. Belém, 11 de decembro de 2009.

- Dourado Fernández, Rocío (2009): “El inventario toponímico da Galicia Medieval (ITGM): un nuevo recurso para la investigación toponomástica”. *XXIV Encuentro de la Asociación de Jóvenes Lingüistas* (Barcelona, 09/05/2009), organizado por Asociación de Jóvenes Lingüistas (AJL) / Universitat Autònoma de Barcelona (UAB).
- Dourado Fernández, Rocío / Paulo Martínez Lema (2009): “El *Inventario Toponímico da Galicia Medieval* (ITGM): un nuevo recurso en el campo de los estudios toponomásticos”. *XXXVIII Simposio Internacional de la Sociedad Española de Lingüística* (Madrid, 02/02/2009 a 05/02/2009), organizado pola Sociedad Española de Lingüística (SEL).
- Dourado Fernández, Rocío / Paulo Martínez Lema (2009): “O *Inventario Toponímico da Galicia Medieval* (ITGM). Algunhas cuestións sobre o procesamento da toponimia medieval galega”. *Annual Conference of the Association of Hispanists of Great Britain and Ireland* (Belfast, 06/04/2009 a 08/04/2009). Organizado por Association of Hispanists of Great Britain and Ireland (AHGBI) / Queen’s University Belfast.
- Dourado Fernández, Rocío / Paulo Martínez Lema (2009): “O *Inventario Toponímico da Galicia Medieval* (ITGM): xénese e desenvolvemento dun proxecto”. *IX Encontro da Asociación Internacional de Estudos Galegos (Galiza nos contextos globais: perspectivas para o século XXI)* (A Coruña-Santiago-Vigo, 13-17 de xullo de 2009), organizado pola AIEG.
- Doval Iglesias, Lucía / Rosa Mouzo Villar (2009): “O galego popular e o galego dos medios de comunicación: Os marcadores discursivos”. *XXIV Congreso Internacional de la Asociación de Jóvenes Lingüistas*. Barcelona, 7-9 de maio de 2009.
- Dubert García, Francisco = Sousa Fernández, Xulio C. / Francisco Dubert García.
- Elisa Fernández Rei (2009): *A entoación na dobraxe*. Relatorio na mesa *Adaptación, corrección e desenvolvemento*, no seo de *I Xornada Dobraxe e idioma*, organizado por APRADOGA. Pazo da Peregrina, Bertamiráns.
- Elisa Fernández Rei / Xosé Luís Regueira (2009): “Aspectos fonéticos da formación do galego oral dos medios de comunicación”. Relatorio no *Galician Studies Panel*, congreso da *Asociación de Hispanistas de Gran Bretaña e Irlanda*. Queen’s University (Belfast, Irlanda del Norte), 2009.
- Elisa Fernández Rei / Xosé Luís Regueira (2009): “Modelos fónicos na televisión”. Relatorio no panel *A lingua galega na televisión, a lingua da televisión*, no *IX Congreso de la Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG)*. “Galiza nos Contextos Globais: Perspectivas para o Século XXI” (Santiago de Compostela-Vigo-A Coruña, 13-17 de xullo de 2009), organizado pola AIEG.
- Estévez Rionegro, Noelia (2009): “El estilo directo como exemplo de gramaticalización. Hacia una reconstrucción de su proceso evolutivo en español”. *VIII Congreso Internacional de Historia de la Lengua Española* (Santiago de Compostela, 14-18 de setembro de 2009), organizado pola Asociación de Historia de la Lengua Española.
- Fernández Rei, Francisco (2009): “Cambados e a súa paisaxe na vida e na obra de Cabanillas”. Discurso na sesión plenaria extraordinaria da Real Academia Galega, con motivo do 50 aniversario do falecemento de Ramón Cabanillas (Cambados, 14 de novembro de 2009).
- Fernández Rei, Francisco (2009): “Prestixiando o galego: de Manuel Luís Acuña a Marcos Valcárcel”. Conferencia inaugural do *IV Congreso Manuel Luís Acuña. As outras armas do franquismo. 1939-2009: unha retrospectiva* (Pobra de Trives 19-21 novembro 2009).
- Fernández Rei, Francisco (2009): “O mar da Arousa en Ramón Cabanillas e na literatura galega do século XX” (A Coruña, 7 maio 2009). Conferencia do ciclo *Lingua e Letras*, organizado pola Asociación Cultural Alexandre Bóveda.
- Fernández Rei, Francisco (2009): “Ramón Cabanillas e a construción dunha Patria e dunha Lingua”. Conferencia inaugural das *XIX Xornadas de Lingua e Literatura Galega (Santiago de Compostela 24-25 abril 2009)*, organizadas pola CIG-Ensino e a AS-PG. Reelaboración parcial como conferencia de clausura das *II Xornadas “Cabanillas e a Escola”*, organizadas por Candea. Asociación de Ensinantes do Salnés (Cambados 26-30 outubro 2009).
- González González, Manuel (2009): “Galicia: punto de encontro entre Ramón Piñeiro e Luz Pozo Garza”. Entrega do Premio “Ramón Piñeiro. Facer país” a Luz Pozo Garza. Lán cara (Lugo), 17-10-2009.
- González González, Manuel (2009): “O Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades no ano Ramón Piñeiro. Programación de actos e actividades en honra a Ramón Piñeiro, no ano en que se lle dedica o Día das Letras Galegas”. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades, 14-4-2009.

- González González, Manuel (2009): “O Ramón Piñeiro que homenaxeamos”. Inauguración da exposición de Siro López na Fundación Torrente Ballester de Santiago. Santiago, 3-5-2009.
- González González, Manuel (2009): “Ramón Piñeiro e Ourense”. Inauguración da exposición sobre Ramón Piñeiro no Auditorio de Ourense, 1 de xuño de 2009.
- González González, Manuel (2009): “Ramón Piñeiro, lugués que soubo pensar Galicia”. Inauguración da exposición en Homenaxe a Ramón Piñeiro. Lugo: Circulo das Artes, 15-xuño-2009.
- González González, Manuel (2009): “A RAG, un compromiso permanente coa lingua galega”. *Simposio internacional ECOLINGUA* (Vigo, 17-19 decembro de 2009), organizado polo Instituto Galego de Estudos Europeos e Autonómicos.
- González González, Manuel (2009): “A terminoloxía na normalización do galego na xustiza”. *II Xornada “Xustiza e Lingua”* (Santiago de Compostela, 30-10-2009), organizada polo Colexio de Avogados de Santiago.
- González González, Manuel (2009): “Les désignations romanes du bleuët”. *XIX Colloque International de L’Atlas Linguistique Roman* (Baia Mare [Romanía], 2-6 setembro).
- González González, Manuel (2009): “Los trabajos lingüísticos en la Real Academia Galega”, conferencia pronunciada en *Nonagésimo aniversario de la fundación de Euskaltzaindia/Real Academia de la Lengua Vasca (RALV)*, Bilbao, 16-17 xullo 2009.
- González González, Manuel (2009): “O ALiR e o AMPER, dous exemplos de rede europea de investigación”. *Linguas románicas: Tradución, multilingüismo e construción europea* (Santiago de Compostela, 11-13 marzo 2009), xornadas organizadas pola Unión Europea.
- González González, Manuel (2009): “Ramón Piñeiro, unha vida entregada a Galicia”, conferencia pronunciada no Liceo de Ourense, 20 de maio de 2009.
- González González, Manuel (2009): participación en *ICANN Seoul meeting* (Seúl [Corea], 25-30 outubro 2009).
- González González, Manuel (2009): participación en *ICANN’s 34th international public meeting* (Ciudad de México, 1-6 marzo 2009).
- González Seoane, Ernesto (2009): «Recursos electrónicos para el estudio del léxico medieval gallego: el Diccionario de diccionarios do galego medieval». *44th International Congress on Medieval Studies* (Western Michigan University, Kalamazoo MI, 7-10 maio de 2009).
- González Seoane, Ernesto (2009): “Aspectos do léxico dos textos en galego das primeiras décadas do século XIX”. *Simposios do ILG. Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade contemporánea* (Santiago de Compostela, 3-11 de novembro de 2009), organizado polo Instituto da Lingua Galega e o Consello da Cultura Galega.
- Hermida, Carme (2009): “Análise lingüística da *Parola de Cacheiras*”. *Simposios do ILG. Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade contemporánea* (Santiago de Compostela, 3-11 de novembro de 2009), organizado polo Instituto da Lingua Galega e o Consello da Cultura Galega.
- Hermida Gulías, Carme (2009): “Lingua e sexismo nos dicionario galegos”. VI Xornadas Lingua e usos. Lingua e xénero, A Coruña, 26-27 de novembro. Organizadas polo Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña e a Real Academia Galega.
- López López, Lorena (2009): “Grupos minorizados e literatura galega: estratexias de resistencia e a incorporación das escritoras”. Conferencia. *Semana da Cultura Galega en Faro*, 27 de maio de 2009.
- López López, Lorena (2009): *As narradoras galegas. Unha análise sobre a súa incorporación ao sistema literario*. Traballo de investigación tutelado. Universidade de Santiago de Compostela.
- Mariño Paz, Ramón (2009): “Análise lingüística da obra en galego de Antonio Benito Fandiño”. *Simposio Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade contemporánea* (Santiago de Compostela, 3-11 de novembro de 2009), organizado polo Instituto da Lingua Galega e o Consello da Cultura Galega.
- Mariño Paz, Ramón (2009): “Disposicións oficiais e alcance real da castellanización na Galicia do século XVIII”. *Xornadas A Europa na Galiza: Lingua, historia, didáctica*, dirixidas e organizadas polo Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña (Facultade de Ciencias da Educación, 19-20 de novembro de 2009).
- Mariño Paz, Ramón / Xavier Varela Barreiro (2009): “Un novo glosario do *Cancioneiro da Ajuda*: xustificación e metodoloxía”. *XXV Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística* (Universidade de Lisboa, 22-24 de outubro de 2009), organizado pola APL.
- Martínez Lema, Paulo = Dourado Fernández, Rocío / Paulo Martínez Lema.
- Monteagudo, Henrique (2009): “A situación sociolingüística da lingua galega: evolución recente, presente e prognóstico”. Conferencia. 27 de maio, Universität Trier, organizada polo Galicien Zentrum / Lektorat für Galicisch.

- Monteagudo, Henrique (2009): “El alborecer de la lírica trovadoresca en el ámbito gallego-portugués”. *44th International Congress on Medieval Studies* (7-10 de maio, 2009), Kalamazoo (Michigan, USA), organizado pola Western Michigan University (The Medieval Institute).
- Monteagudo, Henrique (2009): “O mapa sociolingüístico de Galicia”. *Simposio Internacional ECO-LINGUA*, organizado polo Instituto Galego de Estudos Autonómicos e Europeos, en Vigo, 17-19 de decembro.
- Monteagudo, Henrique (2009): “O paso do oral ao escrito no galego dos inicios do século XIX”. *Simposios do ILG. Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade contemporánea* (Santiago de Compostela, 3-11 de novembro de 2009), organizado polo Instituto da Lingua Galega e o Consello da Cultura Galega.
- Monteagudo, Henrique (2009): “Perfil intelectual de Carballo Calero”. Conferencia. *VII ciclo de conferencias “Visións de Galicia: Piñeiro e o grupo Galaxia”*, organizado polo Liceo de Ourense (Ourense, 22 de maio).
- Monteagudo, Henrique (2009): “Ramón Piñeiro e a Lingua”. Conferencia. *I Xornadas “Ramón Piñeiro na Galicia do século XX”*, organizadas pola Fundación Carlos Casares en Lugo, 23-26 de marzo, 2009.
- Monteagudo, Henrique (2009): participación na Mesa redonda “O portugués em contato na atualidade”, para falar de “O galego, entre o portugués e o castelano”, como convidado no *I Congresso Internacional de Lingüística Histórica. Rosae, Homenagem a Rosa Virgínia Mattos e Silva*, 26 a 29 de Julho de 2009, Salvador / Bahia / Brasil, organizado polas Univ. Federal de Bahia, Univ. Estadual de Santana e Univ. do Estado da Bahia.
- Monteagudo, Henrique (2009). Curso de posgrao “A emergência do galego-português: Análise da produción primitiva”, no Programa de Filología e Língua Portuguesa, Faculdade de Filosofia, Letras e Ciências humanas, Departamento de Letras Clássicas e Vernáculas da Universidade de São Paulo (USP), do 5 ao 27 de agosto.
- Monteagudo, Henrique (2009). Curso de posgrao sobre “Variação lingüística e ensino”, no Instituto de Letras da Universidade Federal Fluminense (Niteroi / Rio de Janeiro), do 18 ao 21 de agosto.
- Mouzo Villar, Rosa = Doval Iglesias, Lucía / Rosa Mouzo Villar.
- Osorio, César = Suárez, Ana Isabel / César Osorio.
- Rodríguez Lorenzo, David (2009): “Evolución diatópica da gheada no século XX. Análise contrastiva dos materiais que ofrece a Xeografía Lingüística”. *Association of Hispanists of Great Britain and Ireland Belfast Conference* (Belfast, 6-8 de abril de 2009), organizado por AHGBI / Queen’s University Belfast.
- Rodríguez Lorenzo, David (2009): «Evolución diatópica do seseo no século XX. Análise contrastiva dos materiais que ofrece a Xeografía Lingüística». *XXV Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística*. 22-24 outubro de 2009, Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa. Organizado pola APL.
- Pichel Gotérrez, Ricardo (2009): “O Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG): fontes documentais e codificación do corpus”. *Association of Hispanists of Great Britain and Ireland Belfast Conference* (Belfast, 6-8 de abril de 2009), organizado por AHGBI / Queen’s University Belfast.
- Pichel Gotérrez, Ricardo (2009): ‘Hacia una edición comprometida de la prosa instrumental medieval. Particularidades escripto-lingüísticas del gallego y su incidencia en la edición documental’, dentro da mesa redonda “Nuevos retos para la Crítica Textual: teoría y praxis”. *IX Congreso Nacional de la Asociación de Jóvenes Investigadores de Historiografía e Historia de la Lengua Española* (Palma de Mallorca, 2-4 de abril de 2009), organizado pola AJILHE.
- Pichel Gotérrez, Ricardo (2009): “A *Historia Troiana* «bilingüe» (ms. 558 BMP): un interesante testemuño do proceso de conformación e adaptación da materia clásica peninsular. Estudo codicolóxico e escripto-lingüístico”. *XIII Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval*, celebrado na Universidade de Valladolid, do 15 ao 19 de setembro de 2009.
- Pichel Gotérrez, Ricardo (2009): “A prosa literaria vinculada á materia de Troia na Galiza medieval: *Crónica Troiana, Historia Troiana e General Estoria*”. *IX Congreso de la Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG)*. “Galiza nos Contextos Globais: Perspectivas para o Século XXI” (Santiago de Compostela-Vigo-A Coruña, 13-17 de xullo de 2009), organizado pola AIEG.
- Pichel Gotérrez, Ricardo (2009): “El anisomorfismo (braqui)gráfico en la documentación gallego-portuguesa antigua como fuente de la investigación filológica y lingüística: propuestas y parámetros editoriales para su presentación crítica”. *Congreso Internacional Tradición e Innovación: Nuevas Perspectivas para la Edición y el Estudio de Documentos Antiguos*, celebrado no CSIC (Madrid), do 11 ao 13 de novembro de 2009.



- Pichel Gotérrez, Ricardo (2009): "Particularidades escripto-lingüísticas en la prosa literaria medieval gallega: el caso de la Historia Troyana "bilingüe" (s. XIV)". *XXXVIII Simposio de la Sociedad Española de Lingüística* (Madrid, 2-5 de febreiro de 2009).
- Pichel Gotérrez, Ricardo (2009): "Un último testimonio del *Roman de Troie* en la península ibérica: La *Historia Troyana* "bilingüe" (gallego-castellana)" *44th International Congress on Medieval Studies*, dentro da sección *The Matter of Antiquity in Medieval Iberia before Vernacular Humanism* (Western Michigan University [Kalamazoo-Michigan], 7-10 de maio de 2009).
- Regueira, Xosé Luís = Elisa Fernández Rei / Xosé Luís Regueira.
- Rodríguez Parada, Raquel (2009): "Chíscalle un ollo ao galego medieval". *Foro da lingua. Pasado, presente e... futuro?* Ourense, 4-30 de marzo de 2009.
- Santamarina, Antón (2009): "A lingua galega na informática: desenvolvemento e integración de recursos lingüísticos". *IX Congresos da Asociación Internacional de Estudos Galegos. Galiza nos contextos globais: perspectivas para o século XXI*, organizado pola AIEG e as Universidades da Coruña, Vigo e Santiago de Compostela os días 13-17 de xullo de 2009.
- Santamarina, Antón (2009): "La Europa románica vista por un hablante de una lengua minoritaria". Mesa redonda na *Conferencia: Lenguas románicas. Traducción, multilingüismo y la construcción europea*, organizado pola Comisión Europea (en colaboración coa USC, a Fundación Galicia-Europa e o Instituto Cultural Român), en Santiago de Compostela, 12-13 de marzo de 2009.
- Sousa Fernández, Xulio C. (2009): «El estudio de la variación espacial de las lenguas: personas, lugares y palabras». Curso de verán: *Viatjar amb llengües, conèixer els parlants*. Castelló de la Plana, 8-10 de xullo de 2009.
- Sousa Fernández, Xulio C. (2009): «Palabras y territorio. El uso de las herramientas GIS en el análisis geolingüístico». *Seminario: Tools For Linguistic Variation*. Vitoria, 1-2 outubro de 2009.
- Sousa Fernández, Xulio C. / Francisco Dubert García (2009): «Lexical areas in the iberian peninsula based on a proposal by Lindley Cintra». *VI International Society for Dialectology and Geolinguistics. Congress*. Maribor (Eslovenia), 14-18 de setembro de 2009.
- Sousa Fernández, Xulio C. = Álvarez, Rosario / Xulio C. Sousa Fernández.
- Suárez Vázquez, Damián (2009): "Vocabularios e outros traballos sobre o galego na época pregaleguista". *Simposios do ILG. Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade contemporánea* (Santiago de Compostela, 3-11 de novembro de 2009), organizado polo Instituto da Lingua Galega e o Consello da Cultura Galega.
- Suárez, Ana Isabel / César Osorio (2009): "Utilización de Ferramentas GIS na Xeografía Lingüística". *Universidade de verán 2009. O Software Libre e a Lingüística (LINGUA 09)* (Santiago de Compostela, 21-24 de setembro). Oficina de Software Libre (USC) / Vicerreitoría de Cultura.
- Varela Barreiro, Xavier (2009). "A lingüística de corpus no Instituto da Lingua Galega: o *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*". Conferencia na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Granada (3 de novembro de 2009), incluída no ciclo *Lingua e Cultura Galegas*.
- Varela Barreiro, Xavier (2009): «A lingua galega na informática: desenvolvemento e integración de recursos lingüísticos. O *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* e o *Inventario Toponímico da Galicia Medieval*". *IX Congreso Internacional da Asociación Internacional de Estudos Galegos* (A Coruña-Santiago-Vigo, 13-17 de xullo de 2009), organizado pola AIEG.
- Varela Barreiro, Xavier (2009): «El estudio grafemático de las *Cantigas de Santa María* (Códigos To, T, F y E) y su interés para la reinterpretación de algunos aspectos de la tradición manuscrita gallego-portuguesa en tiempos de Alfonso X». *43th Medieval Congress at Kalamazoo* (Kalamazoo [Michigan-EEUU], 7-10 de maio de 2009).
- Varela Barreiro, Xavier = Mariño Paz, Ramón / Xavier Varela Barreiro.
- Veiga Rodríguez, Alexandre (2009): "Algo más sobre la doble reorganización temporal en la diacronía del sistema verbal español". Ponencia plenaria pronunciada no *VII Congreso Internacional de Lingüística Hispánica* (Leipzig, 5-10-2009).
- Veiga Rodríguez, Alexandre (no prelo): "Algunas interpretaciones y modelos representativos de las relaciones temporales en los estudios sobre el verbo español". Conferencia inaugural pronunciada na *Primera Conferencia Internacional de Lingüística Románica* (Sofía, 7-4-2009).
- Villanueva Gesteira, María Dolores: "Ramón Piñeiro: olladas dende o futuro". Conferencia no Instituto de Ensino Secundario Francisco Asorey de Cambados, dentro do programa *A Ponte entre o Ensino Medio e a USC* (20 de maio de 2009).

## 2. Relación de publicacións dos investigadores

- Alonso Pintos, Serafín et alii (2009): *Lingua Galega e Literatura 2º de bacharelato*. Vigo: Galaxia [temas de lingua].
- Álvarez de la Granja, María (no prelo): “O tratamento lexicográfico dos verbos funcionais no marco da teoría da metáfora”, en M<sup>a</sup> Dolores Sánchez Palomino (ed.): *Lexicografía galega e portuguesa* (anexo XIII de la *Revista Española de Lexicografía*).
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso = Álvarez, Rosario / Xosé Afonso Álvarez Pérez / João Saramago / Xulio Sousa Fernández.
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso (2009): “Herramientas informáticas para el estudio diacrónico del gallego”, in Laura Romero Aguilera / Carolina Julià Luna (coords.): *Tendencias actuales en la investigación diacronica de la lengua: actas del VIII Congreso Nacional de la Asociación de Jóvenes Investigadores de Historiografía e Historia de la Lengua Española (Barcelona, del 2 al 4 de abril de 2008)*. Barcelona: Universitat de Barcelona, 117-124.
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso (2009): “La Precariedad en la Investigación Española”, *ACME: An International E-Journal for Critical Geographies* 8 (1), 123-136 (<http://www.acme-journal.org>).
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso (no prelo): “À vaca que não tem rabo, abana-a Deus”, *Signum: Estudos da Linguagem* [Universidade Estadual de Londrina].
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso (no prelo): “Notas dun modelo para o estudo dun campo léxico galego: o espiñazo da vaca”, in *Actes du XXVème Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes*. Tübingen: Niemeyer.
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso (no prelo): “Un nuovo contributo allo studio del mito degli angeli neutrali nella Commedia”, *Revista de Literatura Medieval*.
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso (no prelo): *Para un estudo xeolingüístico dos campos lexicais. Análise de designacións galegas do ámbito da gandaría*. Biblioteca Filolóxica do Instituto da Lingua Galega. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso / Joao Saramago (no prelo): “Áreas lexicais em zona de fronteira: um olhar de síntese para a/da raia luso-espanhola na zona da Extremadura”, in *Actas de Al Límite. 1º Congreso de la SEEPLU*.

- Álvarez Pérez, Xosé Afonso / João Saramago (no prelo): “Um novo olhar sobre áreas lexicais portuguesas”, in *Actas do II Simposio Mundial de Estudos de Língua Portuguesa*.
- Álvarez, Rosario / Xosé Afonso Álvarez Pérez / João Saramago / Xulio Sousa Fernández (no prelo): “Presentación de un corpus digital de léxico tradicional: el *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*”, *Fonetica și Dialectologia*.
- Álvarez, Rosario (2009): “A lingua dos galegos en textos portugueses dos séculos XVI-XIX”, en Rei-Doval, Gabriel (ed.) (2009): *A lingüística galega desde alén mar*. Santiago de Compostela: USC, 295-317.
- Álvarez, Rosario (2009): “*En sa voz manseliña*. Contribución ó estudo do diminutivo en galego medieval”, in Mercedes Brea (coord.): *Pola melhor dona de quantas fez nostro Senhor. Homenaxe á profesora Giulia Lanciani*. CIRP / Xunta de Galicia. Santiago de Compostela: 23-35.
- Álvarez, Rosario [2009]: “María Mariño. Noiesa do Courel, dinamiteira da fala”, *Boletín da Real Academia Galega* 368, 2007, 115-118.
- Álvarez, Rosario = Margarita Ledo Andiñón / Rosario Álvarez Blanco (2009): *Do bucle e da fenda. Para un ensaio crítico sobre a cultura galega. Discurso lido o día 7 de febreiro de 2009, no acto da súa recepción, pola ilustrísima señora dona Margarita Ledo Andiñón e resposta da excelentísima señora dona Rosario Álvarez Blanco*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2009): “Sobre a estandarización da antroponimia: Anxelo/Anxela e familia”, *Estudos de Lingüística Galega* 1, 191-197 (<http://dx.doi.org/10.3309/1989-578X-09-10>).
- Boullón Agrelo, Ana Isabel / Henrique Monteagudo (2009): *De verbo a verbo. Documentos en galego anteriores a 1260*. Anexo 65 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Cereixo Silva, Amparo (2007): “Os adverbios modais en -mente no galego medieval”, in Helena González Fernández / María Xesús Lama López (eds.): *Actas VII Congreso Internacional de Estudos Galegos: Mulleres en Galicia – Galicia e os outros pobos da Península*. Sada: O Castro / AIEG / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), 1245-1260.
- Cidrás Escáneo, Francisco A. (2009): “Centralidade e prominencia nas relacións gramaticais”, *Revista Galega de Filoloxía* 10, 59-73.
- Cidrás Escáneo, Francisco A. (2009): “Os camiños da gramática: unha aproximación á variación e o cambio lingüístico desde a sintaxe do galego”, *Estudos de Lingüística Galega*, 27-46 [<http://dx.doi.org/10.3309/1989-578X-09-2>].
- Couceiro, Xosé Luís (2009): “Algunhas notas bibliográficas para estudantes”, en Mercedes Brea (coord.): *Pola melhor dona de quantas fez nostro Senhor. Homenaxe á profesora Giulia Lanciani*. CIRP / Xunta de Galicia. Santiago de Compostela: 131-138.
- Dourado Fernández, Rocío (2009): “Conflicto persoal e vampirismo social: a *Velada de Londres* de Manuel Lourenzo”, *Dorna: expresión poética galega* 33, 113-122.
- Dourado Fernández, Rocío (2009): “Contributo a un inventario toponímico medieval”, in Ibba, D. (coord.): *Interlingüística. La lingüística entre los jóvenes investigadores*. Girona: Associació de Joves Lingüistes (AJL) / Universitat de Girona, 466-479 .
- Dourado Fernández, Rocío (no prelo): «El inventario toponímico da Galicia medieval (ITGM): un nuevo recurso para la investigación toponomástica», in *Interlingüística. Actas del XXIV Encuentro de la Asociación de Jóvenes Lingüistas* (no prelo).
- Escourido Pernas, Ana / Elisa Fernández Rei / Manuel González González / Xosé Luís Regueira Fernández (2008): “A dimensión prosódica da oralidade: achega dende AMPER”, en Fernández Rei / Regueira (eds.): 75-93.
- Estévez Rionegro, Noelia (2009): “La adecuación de la cita al contexto. Estudio comparativo de los procedimientos de estilo directo en el discurso periodístico y narrativo”, en Serrano Alonso, Javier / Amparo de Juan Bolufer (coords.): *Actas del Congreso Internacional de Literatura Hispánica y prensa periódica (1875-1931)*. Santiago de Compostela: USC, 801-811.
- Estévez Rionegro, Noelia (no prelo): “El estilo directo como ejemplo de gramaticalización. Hacia una reconstrucción de su proceso evolutivo en español”, in *Actas del VIII Congreso Internacional de Historia de la Lengua Española (Santiago de Compostela, 14-18 de setembro de 2009)*, Universidade de Santiago de Compostela.
- Fernández Rei, Elisa = Escourido / Fernández Rei / González González / Regueira.
- Fernández Rei, Elisa (2008): “A expresión oral (e escrita). Nos lindeiros entre o oral e o escrito”, en Fernández Rei / Regueira (eds.): 187-200.
- Fernández Rei, Elisa / Xosé Luís Regueira Fernández (eds.) (2009): *Perspectivas sobre a oralidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega.



- Fernández Rei, Elisa = Lurdes de Castro Moutinho / Elisa Fernández Rei (2009): “Do sul da Galiza ao Norte de Portugal: uma viagem através da frequência fundamental”, *Fórum Lingüístico* 5, 1, 63-75 [Florianópolis, Universidade Federal de Santa Catarina, ISSN 1984-8412].
- Fernández Rei, Elisa = Lurdes de Castro Moutinho / Rosa Lúcia Coimbra / Elisa Fernández Rei (no prelo): “Novos contributos para o estudo da fronteira prosódica entre o galego e o portugués europeu”, *Cadernos de Letras da Universidade Federal Fluminense* [Universidade Federal Fluminense - Instituto de Letras, ISSN 1413-053X] (a publicar no n.º 39 da revista).
- Fernández Rei, Elisa = Michel Contini / Antonio Romano / Lurdes de Castro Moutinho / Elisa Fernández Rei (2009): “L'avancement des recherches en géoprosodie et le projet AMPER”, *Estudios de Fonética Experimental* XVIII: 109-122.
- Fernández Rei, Francisco (2009): “A botadura de *ProLingua*: nós tamén bolinar!”, *A Trabe de Ouro* 80 (2009), 629-632.
- Fernández Rei, Francisco (2009): “A dorna, señora do mar da Arousa, na poesía de Cabanillas”. *O Apupo. Boletín informativo da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial* 17, xuño 2009, 4-5.
- Fernández Rei, Francisco (2009): “*Cheira a resina, fiúncho e marusía*. A paisaxe do mar da Arousa na poesía de Ramón Cabanillas”, en E. Corral Díaz, L. Fontoira Surís e E. Moscoso Mato (eds.): *A mi diz en quantos amigos ey. Homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*. Santiago de Compostela: Universidade, 2009, 129-143.
- Fernández Rei, Francisco (2008): “Do ALGa e o Arquivo do Galego Oral: a imaxe do galego”, en Fernández Rei / Regueira (eds.): 35-74.
